

**PROGRAMACIÓN  
DEPARTAMENTO DE MÚSICA  
2017-2018**

**IES MONELOS  
(A CORUÑA)**

**IRENE AÑÓN LIJÓ  
SANTIAGO DAVIÑA ASTRAY  
ANTONIO OROSA PAZ**

# ÍNDICE:

## Sumario

O DEPARTAMENTO DE MÚSICA.....	7
CONTRIBUCIÓN DA MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	8
MÚSICA NA ESO.....	9
OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA.....	9
OBXECTIVOS DA MATERIA DE MÚSICA NA ESO.....	10
PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE <i>OBRADOIRO DE MÚSICA</i> EN 1º ESO.....	12
a) Introducción e contextualización.....	12
b.1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	13
b.2) Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	14
c.1) Obxectivos para o curso.....	17
c.2) Contidos para o curso.....	17
Unidade 1. Linguaxe musical.....	17
Unidade 2. Práctica musical.....	17
Unidade 3. Audicións.....	18
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO I).....	18
d.1) Temporalización dos estándares de aprendizaxe.....	18
d.2) Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	18
d.3) Procedementos e instrumentos de avaliación.....	18
e) Concrecións metodolóxicas da materia.....	19
f) Materiais e recursos didácticos.....	19
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	20
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	21
i) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	21
j) Medidas de atención á diversidade.....	21
k) Elementos transversais que se traballarán.....	22
l) Actividades complementarias e extraescolares.....	23
m) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.....	23
PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE <i>MÚSICA</i> EN 2º ESO.....	25
a) Introducción e contextualización.....	25
b.1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	26
b.2) Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	27
c.1) Obxectivos para o curso.....	30
c.2) Contidos para o curso.....	31
Unidade 1. O son.....	31
Unidade 2. Calidades do son: a altura.....	31
Unidade 3. Calidades do son: a duración.....	31
Unidade 4. Calidades do son: a intensidade. Outras grafías da escritura musical.....	31
Unidade 5. Calidades do son: o timbre I: a voz na música.....	32
Unidade 6. Calidades do son: o timbre II: os instrumentos musicais.....	32
Unidade 7. A organización do son.....	32
Unidade 8. Os xéneros e as profesións musicais.....	33
Unidade 9. Práctica musical.....	33
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel da temporalización, grao mínimo	

de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO II).....	33
d.1) Temporalización dos estándares de aprendizaxe.....	33
d.2) Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	33
d.3) Procedementos e instrumentos de avaliación.....	34
e) Concrecións metodolóxicas da materia.....	34
f) Materiais e recursos didácticos.....	35
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	35
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	36
i) Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	36
j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	37
k) Medidas de atención á diversidade.....	37
l) Elementos transversais que se traballarán.....	38
m) Actividades complementarias e extraescolares.....	39
n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.....	40
PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE <i>MÚSICA</i> EN 3º ESO.....	41
a) Introducción e contextualización.....	41
b.1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	42
b.2) Estándares de aprendizaxe avaliábeis.....	43
c.1) Obxectivos para o curso.....	46
c.2) Contidos para o curso.....	46
Unidade 1. Elementos da linguaxe musical.....	47
Unidade 2. A música na Antigüidade e na Idade Media.....	47
Unidade 3. O Renacemento.....	47
Unidade 4. O Barroco.....	48
Unidade 5. O Clasicismo.....	48
Unidade 6. O Romanticismo.....	48
Unidade 7. O século XX.....	49
Unidade 8. Música e novas tecnoloxías.....	49
Unidade 9. Práctica musical.....	50
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO III).....	50
d.1) Temporalización dos estándares de aprendizaxe.....	50
d.2) Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	50
d.3) Procedementos e instrumentos de avaliación.....	51
e) Concrecións metodolóxicas da materia.....	51
f) Materiais e recursos didácticos.....	52
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	52
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	53
i) Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	54
j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	54
k) Medidas de atención á diversidade.....	55
l) Elementos transversais que se traballarán.....	55
m) Actividades complementarias e extraescolares.....	56
n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.....	57
PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE <i>MÚSICA</i> EN 4º ESO.....	58
a) Introducción e contextualización.....	58

b.1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	59
b.2) Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	60
c.1) Obxectivos para o curso.....	62
c.2) Contidos para o curso.....	63
Unidade 1. Vivir a música hoxe: tecnoloxía, industria e consumo.....	63
Unidade 2. A música en relación con outras artes: o teatro e o cine.....	64
Unidade 3. A música nos medios de comunicación.....	64
Unidade 4. A música popular urbana (I): o jazz.....	64
Unidade 5. A música popular urbana (II): estilos desde os anos 50 ata a actualidade.....	64
Unidade 6. Músicas tradicionais.....	64
Unidade 7. Práctica musical.....	65
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO IV).....	65
d.1) Temporalización dos estándares de aprendizaxe.....	65
d.2) Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	65
d.3) Procedementos e instrumentos de avaliación.....	65
e) Concrecións metodolóxicas da materia.....	66
f) Materiais e recursos didácticos.....	66
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	67
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	68
i) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	68
j) Medidas de atención á diversidade.....	69
k) Elementos transversais que se traballarán.....	69
l) Actividades complementarias e extraescolares.....	70
m) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.....	71
MÚSICA NO BACHARELATO.....	72
OBXECTIVOS DO BACHARELATO.....	72
PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE <i>LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL</i> EN 1º BACHARELATO.....	73
a) Introducción e contextualización.....	73
b.1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	74
b.2) Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	75
c.1) Obxectivos para o curso.....	78
c.2) Contidos para o curso.....	79
Bloque 1. Destrezas musicais.....	79
Unidade 2. A audición comprensiva.....	79
Unidade 3. A teoría musical.....	80
Unidade 4. A creación e a interpretación.....	80
Unidade 5. As tecnoloxías aplicadas ao son.....	80
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO V).....	81
d.1) Temporalización dos estándares de aprendizaxe.....	81
d.2) Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	81
d.3) Procedementos e instrumentos de avaliación.....	81
e) Concrecións metodolóxicas da materia.....	82
f) Materiais e recursos didácticos.....	82
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	83
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	84
i) Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias	

pendentes.....	84
e) Datas de exames: as datas das probas anunciaranse oportunamente no taboleiro do Centro. .....	85
j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	85
k) Medidas de atención á diversidade.....	85
l) Elementos transversais que se traballarán.....	86
m) Actividades complementarias e extraescolares.....	87
n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.....	87
<b>PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE <i>IMAXE</i> EN 1º BACHARELATO.....</b>	<b>89</b>
a) Introducción e contextualización.....	89
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	89
c) Obxectivos e contidos para o curso.....	89
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO VI).....	90
d.1) Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	90
d.2) Procedementos e instrumentos de avaliación.....	90
d.3) Recuperación da materia na convocatoria extraordinaria de setembro.....	90
e) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	90
f) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	90
g) Actividades complementarias e extraescolares.....	91
<b>PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE <i>ANÁLISE MUSICAL I</i> EN 1º BACHARELATO.....</b>	<b>92</b>
a) Introducción e contextualización.....	92
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	93
c) Concreción dos obxectivos para o curso.....	93
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO VII).....	93
e) Concrecións metodolóxicas da materia.....	93
f) Materiais e recursos didácticos.....	93
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	94
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	94
i) Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	94
j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	95
k) Medidas de atención á diversidade.....	95
l) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.....	95
m) Actividades complementarias e extraescolares.....	95
n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.....	95
<b>PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE <i>ANÁLISE MUSICAL II</i> EN 2º BACHARELATO.....</b>	<b>97</b>
a) Introducción e contextualización.....	97
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	97
c) Obxectivos para o curso.....	97
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO VIII).....	98
d.1) Procedementos e instrumentos de avaliación.....	98

e) Concrecións metodolóxicas da materia.....	98
f) Materiais e recursos didácticos.....	99
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	99
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	99
i) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios para cursar a materia, de contidos progresivos, e deseño da avaliación inicial.....	99
j) Medidas de atención á diversidade.....	100
k) Actividades complementarias e extraescolares.....	100
l) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.....	100
<b>PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE <i>HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA EN 2º</i></b>	
<b>BACHARELATO.....</b>	<b>101</b>
a) Introducción e contextualización.....	101
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	102
c) Concreción dos obxectivos para o curso.....	102
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO IX).....	102
e) Concrecións metodolóxicas da materia.....	102
f) Materiais e recursos didácticos.....	102
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	102
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	104
i) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	104
j) Medidas de atención á diversidade.....	104
k) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.....	105
l) Actividades complementarias e extraescolares.....	105
m) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.....	105

# O DEPARTAMENTO DE MÚSICA

## O PROFESORADO DO DEPARTAMENTO:

O Departamento de Música do IES Monelos está formado no curso 2017-2018 polos seguintes profesores:

- **Irene Añón Lijó**, profesora con destino provisional no centro, asume a Xefatura do Departamento de Música e a Titoría de 2º ESO-A, e imparte clase de *Obradoiro de música* en 1º ESO-A e 1º ESO-B, *Música* en 2º ESO-A, 2º ESO-B (non bilingüe, incluído PMAR), 3º ESO-B (non bilingüe, incluído PMAR) e 4º ESO-B, e *Linguaxe e práctica musical* en 1º Bacharelato-C e 1º Bacharelato-D (total: 17 horas lectivas).
- **Santiago Daviña Astray**, profesor con destino definitivo no centro, ostenta a Xefatura de Estudos e imparte clase de *Música* na sección bilingüe de 3º ESO (A e B), *Análise musical I* en 1º Bacharelato-C/D, e *Historia da música e da danza* en 2º Bacharelato-C/D (total: 8 horas lectivas).
- **Antonio Orosa Paz**, profesor con destino definitivo no centro, desempeña a Secretaría e imparte clase de *Música* na sección bilingüe de 2º ESO-B e en 3º ESO-A (non bilingüe), *Análise musical II* en 2º Bacharelato-C/D e *Imaxe e son* en 1º Bacharelato-A/B e 1º Bacharelato-C/D (total: 9 horas lectivas).

## AS MATERIAS E GRUPOS DO DEPARTAMENTO:

O Departamento de Música do IES Monelos impartirá no curso 2017-2018 as seguintes materias nos grupos indicados:

- ***Obradoiro de Música\_1º ESO***: dous grupos (1º ESO-A e 1º ESO-B), materia de Libre configuración autonómica cunha carga lectiva dunha hora semanal.
- ***Música\_2º ESO***: tres grupos (2º ESO-A, 2º ESO-B\_non bilingüe (incluído PMAR) e 2º ESO-B\_sección bilingüe), materia específica cunha carga lectiva de dúas horas semanais.
- ***Música\_3º ESO***: tres grupos (3º ESO-A\_non bilingüe, 3º ESO-B\_non bilingüe (incluído PMAR) e 3º ESO-A/B\_sección bilingüe), materia específica cunha carga lectiva de dúas horas semanais.
- ***Música\_4º ESO***: un grupo (4º ESO-B), materia específica cunha carga lectiva de tres horas semanais.
- ***Linguaxe e práctica musical\_1º Bacharelato***: dous grupos (1º Bacharelato-C e 1º Bacharelato-D), materia específica cunha carga lectiva de tres horas semanais.
- ***Imaxe e son\_1º Bacharelato***: dous grupos (1º Bacharelato-A/B e 1º Bacharelato-C/D), materia específica cunha carga lectiva de 1 hora semanal.
- ***Análise musical I\_1º Bacharelato***: un grupo (1º Bacharelato-C/D), materia específica cunha carga lectiva de tres horas semanais.
- ***Análise musical II\_2º Bacharelato***: un grupo (2º Bacharelato-C/D), materia específica cunha carga lectiva de tres horas semanais.
- ***Historia da música e da danza\_2º Bacharelato***: un grupo (2º Bacharelato-C/D), materia específica cunha carga lectiva de tres horas semanais.

# CONTRIBUCIÓN DA MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

**a) Comunicación lingüística (CCL):** as materias do Departamento de Música axudan ao alumnado a desenvolver a súa competencia como axentes comunicativos mediante a aprendizaxe doutro sistema de signos: a linguaxe musical. A partir da adquisición da lecto-escritura musical, o alumnado será quen de comprender e expresarse a través deste complexo e á vez universal sistema de comunicación. Por outra banda, o alumnado traballará no desenvolvemento da súa sensibilidade artística como consumidor de distintos estilos de música, e aprenderá a emitir, empregando un vocabulario musical axeitado, xuízos fundados de valoración sobre distintos fenómenos musicais, desenvolvendo así outra das dimensións da comunicación lingüística.

**b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** a música contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais contemporáneas como a música aleatoria ou a estocástica.

**c) Competencia dixital (CD):** a música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital (CD). O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer. A obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información, tanto textual como musical: búsqueda e selección de contidos, opcións de almacenamento, etc. Desde esta materia merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e cos dereitos de autor.

**d) Aprender a aprender (CAA):** a música pode ser clave para o desenvolvemento desta competencia, debido á súa progresividade e ao seu carácter artístico e multidisciplinar: traballarase a planificación e xestión das tarefas, así como a análise dos resultados, e tamén, de xeito moi relevante, a motivación para abordar as tarefas (especialmente as de práctica musical) e o control de emocións para poder desenvolverlas axeitada e satisfactoriamente; por último, en relación coa competencia cultural e artística, o alumnado aprenderá a respectar, valorar e desfrutar a música de distintos estilos, épocas e culturas a través do seu coñecemento.

**e) Competencias sociais e cívicas (CSC):** a participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento ofrece a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas dos outros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado. A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta



arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

**f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** as materias do Departamento de Música contribúen ao desenvolvemento desta competencia mediante o traballo cooperativo e a planificación e xestión de proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

**g) Conciencia e expresións culturais (CCEC):** a materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais a través de experiencias perceptivas, expresivas e de coñecemento das músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico nos que se inscribe cada obra.

## MÚSICA NA ESO

### OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

Segundo a LOMCE, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos

coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **OBXECTIVOS DA MATERIA DE MÚSICA NA ESO**

1) escoitar, coñecer e valorar unha ampla variedade de obras de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, comprendelas no seu contexto, e utilizalas como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal.

2) Utilizar a voz, o corpo, os obxectos, os instrumentos e recursos tecnolóxicos e las técnicas de interpretación e creación musical para expresar ideas e sentimentos e para enriquecer as posibilidades de comunicación tanto individuais como en grupo.

3) Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral de medio ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos y para combater a polución sonora.

4) Elaborar xuízos e criterios persoais mediante un análise crítico dos diferentes usos sociais da

música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiáns e valorando a contribución que a música pode facer á vida persoal e a da comunidade.

5) Utilizar de xeito autónomo diferentes fontes de información (partituras, medios audiovisuais, Internet, textos e outros recursos gráficos) para o coñecemento e a produción y gozo da música e para comprender e valorar as relación entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento.

6) Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas aportacións dos demais.

# PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE OBRADOIRO DE MÚSICA EN 1º ESO

## a) Introducción e contextualización

A materia de *Obradoiro de Música* concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na Educación Primaria, que lle permitirá ampliar e desenvolver en contextos diversos, os coñecementos e capacidades para gozar da música como creador/a, como intérprete e como oínte.

Da mesma maneira, e apreciando o valor socializador e de traballo en conxunto que a interpretación musical propicia, esta materia pretende contribuír á integración e ao desenvolvemento persoal do alumnado que chega por primeira vez á Secundaria, tanto no que atinxe á interpretación en grupo como á necesidade de enfrontarse ó seu propio desenvolvemento persoal empregando a voz e o corpo para facer música.

Considerando que a música ten como finalidade primordial a comunicación, é necesario que o alumnado conte coas ferramentas necesarias que o axuden a comprender o feito musical. Neste sentido, débese favorecer que o alumnado se implique activamente no proceso artístico musical.

A interpretación vocal e instrumental son os dous eixos arredor dos cales se organiza esta materia; está estruturada en bloques diferenciados nos que se alterna a escoita activa e a interpretación, que deben ser presentados nas actividades de ensino e aprendizaxe relacionándose entre si, pois estas actividades complementáanse, interactuando e reforzándose mutuamente, e en todo momento introducirase a linguaxe musical como apoio documental para que o alumnado vaia incorporando esta nova linguaxe dunha forma eminentemente práctica.

A comprensión dos elementos morfolóxicos e sintácticos da linguaxe musical contribúe a perfeccionar a capacidade de expresarse a través da interpretación e a creación do feito musical concreto, iniciándose así o proceso de adquisición dunha linguaxe; a súa aprendizaxe como instrumento de comunicación debe basearse tamén na audición comprensiva, na memoria musical, na practica vocal e rítmica e no inicio á lectoescritura musical como recurso útil para fixar os conceptos lingüísticos.

Debido á idade na que está o alumnado en 1º da ESO, hai que ter en conta os cambios fisiolóxicos que se producen no noso alumnado, tanto nos nenos como nas nenas. Nesta etapa vital do alumnado chega normalmente a muda da voz e todos os estudos realizados neste ámbito amosan a necesidade de traballar a voz dun xeito práctico, lúdico e continuo nesta etapa, polo que a práctica vocal será básica no desenvolvemento da materia, ademais, de propiciar a continuidade no alumnado dente tipo de ferramentas.

Todo elo poténciase coas tecnoloxías da información, da comunicación e coa creación artística que, aplicadas á música, constitúen un recurso importante para indagar, para obter información e para comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e culturas, facendo fíncapé na nosa herdanza cultural galega e española como bases para xerar unha identidade musical nos nosos estudantes.

O *Obradoiro de Música* debe estar orientado a espertar o interese do alumnado por participar de forma activa, informada e lúdica como oínte, como intérprete ou como compositor tanto na súa vida académica como na súa vida privada; o seu ensino debe partir dos coñecementos previos, dos gustos e dos costumes musicais do alumnado, e abordarase desde a práctica musical activa e participación vinculada á reflexión sobre o realizado. Estes principios, orientados ao desenvolvemento das capacidades perceptivas e expresivas e á comprensión do feito musical, servirán de base para consolidar aprendizaxes que transcendan o contexto no que se produciron.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o

espírito emprendedor, innovador e crítico. No desenvolvemento desta materia deberase ter en conta o principio de igualdade por razón de xénero fomentando as vocacións musicais libres de estereotipos e prexuízos sexistas. Tal e como amosan numerosos estudos publicados, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música favorece a adquisición das competencias clave, procura un ensino integral e axuda na maduración do alumnado novo.

As disciplinas musicais non só desenvolven a creatividade, a sensibilidade artística e o criterio estético, tamén axudan ao alumnado da mesma forma que o resto de materias desta etapa, a adquirir os coñecementos e as habilidades para construír a súa personalidade, a traballar en equipo, a desenvolver o pensamento crítico e a converterse en cidadáns e cidadás que actúen de forma responsable e autónoma. En definitiva, a actividade musical nas súas diversas facetas favorece as capacidades sociais e expresivas do alumnado.

## **b.1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

**a) Comunicación lingüística (CCL):** a materia de *Obradoiro de Música* axuda ao alumnado a desenvolver a súa competencia como axentes comunicativos mediante a aprendizaxe doutro sistema de signos: a linguaxe musical. A partir da adquisición da lecto-escritura musical, o alumnado será quen de comprender e expresarse a través deste complexo e á vez universal sistema de comunicación. Esta materia concíbese como unha ponte entre a Educación Primaria e a ESO, e será fundamental para preparar aos alumnos para a materia de Música de 2º ESO, xa que moitas veces o alumnado esquecen durante o 1º curso os conceptos e destrezas musicais adquiridos en Primaria. Por outra banda, o alumnado traballará no desenvolvemento da súa sensibilidade artística como consumidor de distintos estilos de música, e aprenderá a emitir, empregando un vocabulario musical axeitado, xuízos fundados de valoración sobre distintos fenómenos musicais, desenvolvendo así outra das dimensións da comunicación lingüística.

**b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** a música contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical, principalmente a relación entre as distintas figuras e silencios e a estrutura do compás, elementos fundamentais do ritmo musical.

**c) Competencia dixital (CD):** a música tamén pode contribuir de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital (CD). O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

**d) Aprender a aprender (CAA):** a música pode ser clave para o desenvolvemento desta competencia, debido á súa progresividade e ao seu carácter artístico e multidisciplinar: traballarase a planificación e xestión das tarefas, así como a análise dos resultados, e tamén, de xeito moi relevante, a motivación para abordar as tarefas (especialmente as de práctica musical) e o control de emocións para poder desenvolverlas axeitada e satisfactoriamente; por último, en relación coa competencia cultural e artística, o alumnado aprenderá a respectar, valorar e desfrutar a música de distintos estilos, épocas e culturas a través do seu coñecemento.

**e) Competencias sociais e cívicas (CSC):** a participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento ofrece a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas dos outros

integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado. A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte.

**f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** o *Obradoiro de Música* contribúe ao desenvolvemento desta competencia mediante o traballo cooperativo e a planificación e xestión de proxectos. Naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

**g) Conciencia e expresións culturais (CCEC):** a materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais a través de experiencias perceptivas, expresivas e de coñecemento das músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico nos que se inscribe cada obra.

## **b.2) Estándares de aprendizaxe avaliáveis.**

Para a concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais, ver **ANEXO I**.

### **Bloque 1: Interpretación e creación**

- |  |
|--|
| • OMB1.1.1 Identifica figuras rítmicas básicas: redondas, brancas, negras e corcheas.  |
| • OMB1.1.2 Diferenza entornos melódicos maiores e menores.   |
| • OMB1.1.3 Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. |
| • OMB1.2.1 Mantén unha correcta postura e respiración ao entoar.   |
| • OMB1.2.2 Coñece e comprende o seu proceso de emisión e resonancia da voz.  |
| • OMB1.2.3 Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.  |
| • OMB1.2.4 Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.   |
| • OMB1.3.1 Utiliza os elementos producidos para elaborar pezas instrumentais e vocais de carácter rítmico.   |

<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.4.1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.4.2 Utiliza os elementos e recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.4.3 Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.5.1 Utiliza os elementos e recursos adquiridos para elaborar coreografías.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.5.2 Segue o pulso ao moverse en coreografías.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.6.1 Mantén unha postura correcta ao tocar ante os instrumentos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.6.2 Utiliza técnicas axeitadas ao tocar os diferentes instrumentos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.6.3 Busca a precisión rítmica e melódica nas interpretacións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.6.4 Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación axeitadas ao nivel.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.7.1 Comprende os conceptos e termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e cos tipos formais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.8.1 Amosa interese polo coñecemento e polo coidado da voz, do corpo e dos instrumentos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.8.2 Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.8.3 Participa de xeito activo en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e de compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.8.4 Amosa apertura e respecto cara as propostas do docente e dos compañeiros e compañeiras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.9.1 Demostra unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros e compañeiras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.10.1 Investiga e indaga de forma creativa as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.8.2 Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.8.3 Participa de xeito activo en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e de compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• OMB1.8.4 Amosa apertura e respecto cara as propostas do docente e dos compañeiros e compañeiras.</li> </ul>

- OMB1.9.1 Demuestra unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros e compañeiras.
- OMB1.10.1 Investiga e indaga de forma creativa as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos.

## **Bloque 2: Escoita**

- OMB2.1.1 Diferenza as sonoridades dos instrumentos da aula, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.
- OMB2.2.1 Relaciona o feito musical con múltiples contextos.
- OMB2.2.2 Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade.
- OMB2.2.3 Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, mostrando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.
- OMB2.3.1 Segue partituras sinxelas como apoio á audición.
- OMB2.4.1 Valora o silencio como elemento indispensable para a audición.

## **Bloque 3: Contextos musicais e culturais**

- OMB3.1.1 Relaciona con coherencia diferentes disciplinas artísticas
- OMB3.1.2 Identifica funcións que cumpre a música na nosa
- OMB3.2.1 Aмосa interese por coñecer distintos xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando delas como oínte.
- OMB3.2.2 Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade.
- OMB3.3.1 Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.
- OMB3.3.2 Utiliza fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes e grupos de música popular, reflexionando sobre elas.
- OMB3.3.3 Interésase por ampliar e diversificar as preferencias.

## **Bloque 4: Música e tecnoloxías**

- OMB4.1.1 Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.



- OMB4.2.1 Utiliza fontes e procedementos apropiados para a elaboración de traballos sobre temas relacionados co feito musical.

### **c.1) Obxectivos para o curso.**

1. Integrar a música na súa vida persoal, respectando e valorando as músicas de distintos xéneros, culturas e épocas e recoñecendo a importancia do estudo e da práctica musical para o seu propio desenvolvemento persoal.
2. Coñecer e empregar axeitadamente os conceptos básicos dunha obra musical e da súa representación gráfica: melodía, ritmo, harmonía, instrumentación, notas, figuras, compases, claves, alteracións, matices dinámicos, etc.).
3. Identificar e nomear os conceptos básicos dunha obra musical e da súa representación gráfica en audición, lectura e análise de partituras ou visualmente (imaxes ou vídeos).
4. Ler partituras musicais en notación convencional dunha dificultade axeitada ao nivel do curso (e do alumnado).
5. Interpretar pezas musicais sinxelas, exercicios e acompañamentos coa frauta doce e cos instrumentos da aula (percusión), desenvolvendo as habilidades e técnicas interpretativas requiridas.
6. Interpretar coa voz cancións e outros exercicios vocais, incrementando a comprensión e o control de aspectos tales como a afinación, a dinámica, a dicción e o fraseo.
7. Participar noutros exercicios de práctica musical que se realicen na aula, respectando as pautas básicas do traballo en grupo, mostrando interese pola súa realización e valorando o traballo propio e o dos compañeiros: exercicios rítmicos, danzas, percusión corporal, creación musical, elaboración de arranxos ou acompañamentos, etc.
8. Participar nas actividades musicais que se realicen dentro e fóra do centro, manifestando unha actitude aberta e cooperativa ante as propostas e expresando as súas opinións.

### **c.2) Contidos para o curso.**

#### **Unidade 1. Linguaxe musical.**

- 1) Notas, pentagrama, clave de sol, alteracións.
- 2) Figuras, silencios, puntiño e ligadura.
- 3) Compases de 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8.
- 4) Matices dinámicos.
- 5) Indicadores de tempo.
- 6) Sonoridades maior e menor.

#### **Unidade 2. Práctica musical.**

- 1) Lectura musical.

- 2) Interpretación coa fruta doce.
- 3) Entoación, canto.
- 4) Interpretación con instrumentos de percusión da aula.
- 5) Percusión corporal.
- 6) Movemento e danza.
- 7) Creación musical.

### **Unidade 3. Audicións.**

- 1) Audición activa de distintos estilos de música.
- 2) Apreciación do feito musical e respecto ás súas diferenzas en función da época, cultura ou estilo.
- 3) Identificación dos elementos musicais traballados a través da audición comprensiva.

#### **d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO I).**

##### **d.1) Temporalización dos estándares de aprendizaxe**

Debido á concepción desta materia como eminentemente práctica, todos os contidos irán traballándose simultaneamente ao longo do curso, a elección dos exercicios prácticos virá dada polo propio nivel e interese do alumnado dos distintos grupos.

##### **d.2) Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Determinados estándares de aprendizaxe, considerados imprescindibles para a superación da materia, deberán de ter un alto grao de consecución (75%) como os relacionados coa boa disposición para o traballo na aula, o respecto polas interpretacións dos compañeiros e a achega do material necesario para desenvolver a práctica (fruta doce, papel pentagramado, partituras entregadas pola profesora).

Outros estándares de aprendizaxe non precisarán tan alto grao de consecución, sendo suficiente co 50%.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe avaliable está exposto no **ANEXO I**. Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá adaptar, ao longo do curso, o grao mínimo de consecución de cada estándar en función das características do alumnado, especialmente nos casos de alumnos/as con necesidades especiais de apoio educativo.

##### **d.3) Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Tendo en conta a particularidade da materia de *Obradoiro de Música*, que se traballa dun xeito global, un mesmo procedemento pode avaliar distintos estándares de aprendizaxe, especialmente nos traballos de práctica musical.

En liñas xerais, poderán empregarse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

**1. Exercicios de práctica musical:** lectura, interpretación mediante lectura ou imitación, **ditado**, **creación** musical, **interpretación vocal**, **de movemento**, **instrumental** coa frauta ou con outros instrumentos da aula (percusión) ou **percusión corporal**. (PM.)

**2. Tarefas específicas:** audición activa (ou visionado de vídeos de tipo musical) e comentario e análise sobre a música escoitada, elaboración de traballos de tecnoloxía musical (elaboración de partituras en software musical, edición de audio, sonorizacións, etc.), traballos de investigación e/ou exposición en clase sobre temas musicais, etc. (T.)

**3. Observación diaria do traballo na aula**, incluíndo a súa **actitude** cara a materia, a súa vontade de traballo e esforzo, a **responsabilidade** no cumprimento das súa tarefas (participa activamente nos exercicios, se as tarefas de clase están feitas e correctas ou correxidas, limpeza no caderno, partituras, etc.) o seu **respecto** ao profesor e aos compañeiros e a achega e o coidado do **material** (control diario do material: frauta, papel normal e pentagramado, material de escritura, etc, todo marcado e en bo estado). (Obs.).

## e) Concrecións metodolóxicas da materia

A metodoloxía a aplicar na área de música e eminentemente activa, partindo dos coñecementos dos alumnos para chegar o descubrimento de novos conceptos. En primeiro lugar plantéxase o tema que se vai traballar, seguido das actividades de experimentación, ca posterior reflexión e conclusións, que os alumnos anotarán no seu caderno de traballo. Utilízase tamén a imitación como forma de aprender cancións, pezas instrumentais e danzas; nos dous primeiros casos contarase, ademais, co apoio da lectura musical.

É moi importante conseguir dentro da aula uns hábitos de traballo baseados no silencio e no respecto ás normas. Esta é unha materia que combina constantemente exercicios individuais e en grupo. Para estes últimos fai falla moita orde para comezar todos ao mesmo tempo, rematar xuntos, manter o mesmo pulso,... Polo tanto, dende o principio de curso traballaranse este tipo de actitudes que favorecerán o posterior goce e motivación polas actividades grupais (danzas, instrumentacións, frauta doce,...).

No traballo dos aspectos teórico-prácticos da materia, o alumnado realizará tarefas de aprendizaxe por descubrimento e de consolidación de aprendizaxe. Estas tarefas realizaranse principalmente na aula (nalgún caso o alumnado deberá rematar as tarefas non finalizadas na clase na súa casa, ou poderá ter que facer outras de reforzo ou ampliación). A metodoloxía incluírá lectura ou toma de apuntes sobre a materia, traballo na aula virtual ou blogues específicos da materia, exercicios escritos, audicións, lectura de partituras, práctica vocal, instrumental ou de movemento, busca de información, visionado de vídeos, etc. Para os exercicios de práctica musical enténdese que o alumnado deberá reforzar en casa o traballado en clase, se lle é preciso, para acadar unha boa realización dos exercicios.

## f) Materiais e recursos didácticos

1. Apuntes tomados en clase: follas e papel pentagramado arquivados convenientemente.
2. Fotocopias entregadas pola profesora.
3. Contornas virtuais: blogues, aula virtual, youtube, etc.

4. CDs, DVDs.

5. Fruta doce, piano, guitarra, instrumentos Orff, pequena percusión.

**Os alumnos deben aportar:**

1. Carpeta ou funda plástica con folios para toma de apuntes, realización de exercicios e conservación dos materiais entregados pola profesora.

2. Papel pentagramado (arquivado co resto de material).

3. Fruta doce.

Todo o material debe de estar debidamente marcado cos datos do/a alumno/a e en bo estado.

## **g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

Os criterios de avaliación para cada unidade están expostos no **ANEXO I**.

En cada avaliación o/a alumno/a deberá obter, para acadar unha avaliación positiva, unha media de 5 puntos (5/10) realizada a partir dos distintos procedementos e instrumentos de avaliación empregados ao longo da mesma, tendo en conta as seguintes puntualizacións:

a) As porcentaxes de cualificación na nota de cada avaliación serán:

- 70%: exercicios de práctica musical (PM.).

- 10%: tarefas específicas (T.).

- 20%: observación diaria do traballo na aula, incluíndo a súa actitude e a achega e o coidado do material (Obs.).

b) Para que o media das partes teña como resultado o aprobado, o/a alumno/a deberá obter:

- unha nota mínima de 3 nas probas de práctica musical (PM)

c) Outros criterios de avaliación e cualificación:

- O/A alumno/a non poderá ter faltas reiteradas de material, que supoñan o 50% ou máis das sesións, ou reiteración de faltas de orde, en caso contrario suspenderá a avaliación e/ou o curso.

- Un alumno ou alumna que non traia o seu material a un exame de práctica (fruta propia, partitura propia sen as notas escritas, etc.) non pode examinarse, polo que a súa cualificación nesa proba é de 0. A profesora poderá decidir realizarlle unha recuperación, pero a nota da mesma levará unha penalización de 2 puntos.

- Se un alumno ou alumna non realiza unha proba práctica no día sinalado por non tela traballado suficientemente, a súa cualificación é de 0. A profesora poderá repetirlle a proba, se así o decide, nas mesmas condicións expostas no punto anterior.

- Se un alumno ou alumna suspende un exame práctico, a profesora decidirá se lle fai unha recuperación. Neste caso, a nota da recuperación contará o 80% da nota final da proba práctica, e a nota do 1º exame contará un 20%.

- A profesora decidirá a realización ou non de probas de recuperación das tarefas e traballos para os alumnos que non as aproben, en condicións similares ás anteriormente expostas para as probas prácticas.

d) O alumnado que non supere a materia de *Obradoiro de Música* en xuño examínase na convocatoria extraordinaria de setembro, na que realizará varias probas prácticas (PM). As probas deberán estar aprobadas ou a súa media ser superior a 5 sendo a súa cualificación individual superior á nota mínima de promedio (3 na/s PM). Os contidos da proba de setembro abranguerán a totalidade da materia do curso. Como se trata dunha convocatoria extraordinaria, a avaliación do alumnado basearase exclusivamente nos resultados do alumnado nas probas realizadas en setembro, en convocatoria única. Os alumnos deberán aportar a súa frauta doce e as súas partituras en bo estado, ou non poderán examinarse.

## **h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

O proceso de ensino e a práctica docente consideraranse satisfactorios se a porcentaxe total de alumnos/as aprobados supera o 70% do total.

## **i) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Nas primeiras sesións do curso, o profesorado realizará ao alumnado unhas probas de avaliación inicial consistentes en:

- 1) **Unha proba escrita** sobre contidos básicos da materia (notas, figuras, compases, algún termo de dinámica e de tempo, clasificación dos instrumentos musicais, etc.) para comprobar o nivel de coñecementos teóricos que acadaron e conservan da Educación Primaria.
- 2) **Probas prácticas** consistentes en: imitar ritmos básicos con palmas ou claves, ler unha partitura musical sinxela, tocar exercicios básicos na frauta doce e en instrumentos Orff.

En base aos resultados, o profesorado adaptará a programación ás características xerais de cada grupo (que, por cuestións organizativas, presentan moitas diferenzas entre eles). Igualmente, o profesorado empregará estas probas para detectar casos de ANEAE ou de altas capacidades e falará con Orientación educativa para examinar o expediente destes alumnos e deseñar as medidas de reforzo ou ampliación oportunas.

## **j) Medidas de atención á diversidade**

No ensino coexisten ritmos de aprendizaxe e necesidades diferentes entre o alumnado, polo que debemos de dar resposta a esta diversidade. Na medida que as condicións de traballo o permitan, intentarase axudar especialmente a aqueles que máis o necesiten, sen descoidaren aos demais. Reforzaranse e seguiranse de preto, os distintos casos, a través de medidas como: revisión de tarefas mesa por mesa, atención individualizada (tanto maior canta menor cantidade de alumnado integre a aula), reforzo educativo, ou calquera outra medida que se considere positiva para a boa marcha do curso.

O alumnado que presente necesidades especiais de apoio educativo, especialmente se están avaladas por un diagnóstico médico e notificadas ao departamento de Orientación educativa (alumnado con minusvalías recoñecidas, trastornos neurolóxicos, TDAH, TEA, TXD, etc.), ou ben se proceden doutro sistema educativo no que non estea reglado o ensino da música na educación pública, serán obxecto de medidas de **reforzo** educativo, e poderán realizárselles adaptacións na metodoloxía didáctica e nos contidos mínimos esixibles para superar a materia se así o considera o departamento. Igualmente, baixo o coñecemento do Departamento de Orientación e do/a titor/a e en colaboración con eles, aplicarase, se é conveniente, o **protocolo de atención ao alumnado con TDAH**.

O alumnado que presente altas capacidades para a música ou que curse estudos musicais poderá realizar exercicios teórico-prácticos de **ampliación** da materia, así como probas musicais máis complexas, adaptadas ás súas capacidades, sempre que a organización da práctica docente na aula así o permita.

## **k) Elementos transversais que se traballarán**

**a) Educación medio-ambiental:** trátase de fomentar no alumnado unha actitude de sensibilización para a conservación do medio natural.

- Análise das consecuencias negativas do abuso sonoro: contaminación acústica.

**b) Educación viaria:** o obxectivo é mentalizar aos alumnos e axudalos a desenvolver hábitos responsables de circulación e seguridade viaria como peóns e usuarios de vehículos, evitando as distraccións e respectando as normas establecidas

- Responsabilidade no uso de auriculares, prestando unha maior atención ao tráfico.

**c) Educación para a paz e a tolerancia:** debemos de fomentar actitudes básicas para a convivencia pacífica e o respecto aos demais.

- A atención aos demais nas prácticas de conxunto implica ter en conta aos outros, respectándoos, e interactuar colectivamente en algo creativo.

- O coñecemento da música doutras culturas e doutras épocas serve de achegamento e comprensión doutras sociedades, ao tempo que revaloriza o patrimonio propio.

**d) Educación para a igualdade entre os sexos:** parte da necesidade de corrixir as diferenzas discriminatorias por razón de sexo ás que aínda asistimos na actualidade. Toda actividade musical en grupo parte do principio de integración, de repartición de traballo e respecto mutuo. Por outra banda, a música é vehículo habitual de denuncia dos abusos sexistas contra as mulleres.

- Realización de bailes en grupo e por parellas mixtas ou con cambio de parella.

- Práctica vocal a voces mixtas.

- Calquera outro tipo de traballo creativo no que interveñan alumnos e alumnas.

- Audición e reflexión sobre a mensaxe de cancións que tratan a temática do sexismo.

**e) Educación para a saúde:** xa que a práctica musical se realiza corporalmente, trátase de apreciar e coñecer o propio corpo, partindo dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental.

- A través do movemento: mellorar a relaxación do corpo e ton muscular.

- Coa práctica vocal e instrumental: mellorar hábitos posturais e aprender pautas básicas para o coidado da voz, para realizar unha boa respiración e mellorar a emisión vocal. Os exercicios respiratorios dan pé á reflexión sobre o tabaquismo e a súa incidencia negativa sobre a saúde.

**f) Educación do consumidor:** o consumo de música é algo moi habitual na adolescencia, polo que debemos fomentar no alumnado un consumo responsable e capacidade crítica.

- Audición, análise e reflexión sobre pezas de distintos estilos para desenvolver o sentido crítico.
- Investigación e reflexión sobre o papel da música en distintos ámbitos: comunicativo, publicitario, artístico, etc.

**g) Educación para o ocio:** faise necesario inculcar no alumnado o sentido crítico do ocio e informalos de actividades lúdico-musicais extra-escolares.

- Difusión de diferentes ofertas en relación á música, á danza ou ao teatro.

**h) Educación moral e cívica:** moitos aspectos da moral e o civismo están tratados nos temas transversais anteriores, pero debemos facer fincapé neles, xa que unha das finalidades do ensino é educar para a convivencia no pluralismo, tendo en conta, ademais, que a música sempre estivo e está en relación coa sociedade.

- Fomento de actitudes de respecto cara aos demais.
- Aceptación das normas que rexen as actividades colectivas.
- Debates sobre os distintos estilos musicais respectando os gustos do resto.

**i) Educación sexual:** este contido merece especial atención na formación integral da persoa. Os alumnos de secundaria teñen unha idade na que é preciso consolidar actitudes básicas e estar ben informado.

- Muda da voz: causas e consecuencias.

## **l) Actividades complementarias e extraescolares.**

- Asistencia a un ensaio da OSG: o Departamento de Música solicitou a asistencia a varios ensaios xerais abertos da Orquestra Sinfónica de Galicia, dentro das actividades do programa Son Futuro, incluído na oferta educativa do Concello de A Coruña, co propósito de que todo o alumnado dalgunha das materias do departamento poda asistir a un concerto.

- Concerto de Nadal: pídesse ao alumnado con estudos musicais que participe no Concerto de Nadal que se celebrará no centro a finais da 1ª avaliación, en horario lectivo.

- Por outra banda, procurarase que o alumnado de *Música* participe nas actividades que se organicen no centro e que teñan unha presenza ou carácter musical. Do mesmo xeito, o departamento resérvase o dereito de planificar novas actividades complementarias ou extraescolares ao longo do curso, se xurde nalgún momento unha oferta de interese para o alumnado.

## **m) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.**

A profesora avaliará o proceso de ensino e a práctica docente en función aos indicadores de logro mencionados no apartado h. Á vista dos resultados, revisarase a programación para efectuar as modificacións pertinentes de cara ao próximo curso académico, como poden ser: reelaboración das unidades didácticas, deseño de novas actividades de aula, cambios na secuenciación ou temporalización dos contidos, redefinición dos criterios de avaliación e cualificación, deseño de novas medidas de atención á diversidade, planificación de actividades complementarias, etc.

As reflexións e acordos acadados recolleranse na Memoria de fin curso do departamento.



# PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE *MÚSICA* EN 2º ESO

## a) Introducción e contextualización

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de *Música* contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades cooperativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a

historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha ponte entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito cooperativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para a contorna social.

## **b.1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

**a) Comunicación lingüística (CCL):** a materia de *Música* axuda ao alumnado a desenvolver a súa competencia como axentes comunicativos mediante a aprendizaxe doutro sistema de signos: a linguaxe musical. A partir da adquisición da lecto-escritura musical, que é un dos obxectivos fundamentais do 2º curso, o alumnado será quen de comprender e expresarse a través deste complexo e á vez universal sistema de comunicación. Por outra banda, o alumnado traballará no desenvolvemento da súa sensibilidade artística como consumidor de distintos estilos de música, e aprenderá a emitir, empregando un vocabulario musical axeitado, xuízos fundados de valoración sobre distintos fenómenos musicais, desenvolvendo así outra das dimensións da comunicación lingüística.

**b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** a música contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Igualmente, reflexionárase sobre os fundamentos físicos do son (características das ondas sonoras, relación das características dos corpos sonoros cos sons emitidos) e sobre aspectos de acústica (fisioloxía do oído, capacidade de audición no ser humano, etc.).

**c) Competencia dixital (CD):** a música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital (CD). O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer. A obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información, tanto textual como musical: búsqueda e selección de contidos, opcións de almacenamento, etc.

**d) Aprender a aprender (CAA):** a música pode ser clave para o desenvolvemento desta competencia, debido á súa progresividade e ao seu carácter artístico e multidisciplinar: traballárase a planificación e xestión das tarefas, así como a análise dos resultados, e tamén, de xeito moi relevante, a motivación para abordar as tarefas (especialmente as de práctica musical) e o control de emocións para poder desenvolverlas axeitada e satisfactoriamente; por último, en relación coa competencia cultural e artística, o alumnado aprenderá a respectar, valorar e desfrutar a música de distintos estilos, épocas e culturas a través do seu coñecemento.

**e) Competencias sociais e cívicas (CSC):** a participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento ofrece a oportunidade

de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas dos outros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado. A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

**f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** as materias do Departamento de Música contribúen ao desenvolvemento desta competencia mediante o traballo cooperativo e a planificación e xestión de proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

**g) Conciencia e expresións culturais (CCEC):** a materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais a través de experiencias perceptivas, expresivas e de coñecemento das músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico nos que se inscribe cada obra.

## **b.2) Estándares de aprendizaxe avaliáveis.**

Para a concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais, ver **ANEXO II**.

### **Bloque 1: Interpretación e creación**

- |  |
|--|
| ▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.  |
| ▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.  |
| ▪ MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.  |
| ▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e |

de tempo, etc.).
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>

## **Bloque 2: Escoita**

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa</li> </ul>
---

forma e os diferentes tipos de voces.
▪ MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.
▪ MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.
▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
▪ MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.
▪ MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.
▪ MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.
▪ MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.
▪ MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.

### **Bloque 3: Contextos musicais e culturais**

▪ MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.
▪ MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.
▪ MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.
▪ MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego
▪ MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
▪ MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.
▪ MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.
▪ MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais
▪ MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
▪ MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.
▪ MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

## Bloque 4: Música e tecnoloxías

- |  |
|--|
| ▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.              |
| ▪ MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.                 |
| ▪ MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. |

### c.1) Obxectivos para o curso.

1. Integrar a música na súa vida persoal, respectando e valorando as músicas de distintos xéneros, culturas e épocas e recoñecendo a importancia do estudo e da práctica musical para o seu propio desenvolvemento persoal.
2. Coñecer e empregar axeitadamente os conceptos básicos dunha obra musical e da súa representación gráfica: melodía, ritmo, harmonía, textura, forma, xénero, instrumentación, notas, figuras, compases, claves, alteracións, matices dinámicos, indicadores de tempo, etc.).
3. Identificar e nomear os conceptos básicos dunha obra musical e da súa representación gráfica en audición, lectura e análise de partituras ou visualmente (imaxes ou vídeos).
4. Ler partituras musicais en notación convencional dunha dificultade axeitada ao nivel do curso (e do alumnado).
5. Interpretar pezas musicais sinxelas, exercicios e acompañamentos coa frauta doce e cos instrumentos da aula (percusión), desenvolvendo as habilidades e técnicas interpretativas requiridas.
6. Interpretar coa voz cancións e outros exercicios vocais, incrementando a comprensión e o control de aspectos tales como a afinación, a dinámica, a dicción e o fraseo.
7. Participar noutros exercicios de práctica musical que se realicen na aula, respectando as pautas básicas do traballo en grupo, mostrando interese pola súa realización e valorando o traballo propio e o dos compañeiros: exercicios rítmicos, danzas, percusión corporal, creación musical, elaboración de arranxos ou acompañamentos, etc.
8. Adquirir uns conceptos básicos de acústica física e acústica musical.
9. Identificar visual e auditivamente e coñecer as características e usos dos instrumentos da orquestra sinfónica e doutras agrupacións instrumentais da música occidental, así como algúns instrumentos clasificados por Hornbostel-Sachs e propios doutras épocas e/ou culturas.
10. Clasificar as voces e diferencia-las na audición polo seu timbre e rexistro, así como os principais tipos de coros.
11. Participar nas actividades musicais que se realicen dentro e fóra do centro, manifestando unha actitude aberta e cooperativa ante as propostas e expresando as súas opinións.

## c.2) Contidos para o curso.

### Unidade 1. O son.

- 1) O son como fenómeno físico: produción e propagación do son.
- 2) A percepción do son: anatomía e fisioloxía do oído humano. [Ampliación: Conceptos básicos de acústica e psicoacústica.](#)
- 3) Son, ruído e silencio.
- 4) Calidades do son: altura, duración, intensidade e timbre.
- 5) Representación gráfica (musical) das calidades do son.
- 6) A contaminación sonora e as súas consecuencias para a saúde.
- 7) Valoración do problema do ruído e concienciación da importancia de evitar hábitos prexudiciais para o oído.

### Unidade 2. Calidades do son: a altura

- 1) Notas: do, re, mi, fa, sol, la, si. Escritura de notas no pentagrama en clave de sol. Especificacións para as notas máis agudas e graves.
- 2) Pentagrama, liñas adicionais, sistemas de pentagramas.
- 3) Claves: clave de sol en 2ª liña. [Ampliación: clave de fa en 4ª \(e as outras cinco claves\).](#)
- 4) As escalas: escala diatónica.
- 5) Distancias entre as notas: ton e semitón. [Ampliación: notas enharmónicas.](#)
- 6) Alteracións: sostido, bemol e becuadro. [Ampliación: Alteracións accidentais e alteracións propias.](#)
- 7) Valoración da utilidade da notación musical para a conservación e difusión da música e do seu valor como ferramenta para o coñecemento e disfrute da música.

### Unidade 3. Calidades do son: a duración

- 1) Figuras e silencios correspondentes (dende a redonda á semifusa). Escritura das figuras no pentagrama (colocación de plicas e corchetes).
- 2) Elementos do ritmo métrico: tempos, acentos e compás.
- 3) Compases. Tipos de compases. Compases de  $2/4$ ,  $3/4$ ,  $4/4$ . [Ampliación:  \$6/8\$ ,  \$9/8\$  e  \$12/8\$ ; compases de amalgama.](#)
- 4) Signos de prolongación: puntiño, ligadura de unión. [Ampliación: caldeirón.](#)
- 5) *Tempo*. Termos para indicar o *tempo* uniforme e o *tempo* variable.
- 6) O metrónomo. Características e usos. Indicacións metronómicas na partitura.

### Unidade 4. Calidades do son: a intensidade. Outras grafías da escritura musical.

- 1) As dinámicas: Matices. Reguladores.
- 2) [Ampliación: o carácter: termos máis empregados.](#)
- 3) [Ampliación: signos para o fraseo e a articulación.](#)
- 4) Signos de repetición.
- 5) Valoración da achega fundamental que fan á riqueza expresiva da música as dinámicas e as diferentes indicacións referentes á expresión musical.

## Unidade 5. Calidades do son: o timbre I: a voz na música

- 1) O aparato fonador. Produción da voz falada e cantada.
- 2) Clasificación das voces: voces masculinas, femininas e brancas. Clasificación por tesituras.
- 3) **Ampliación: clasificación segundo o carácter.**
- 4) Agrupacións vocais.
- 5) Técnica vocal: relaxación, respiración, resonancia, articulación, entoación.

## Unidade 6. Calidades do son: o timbre II: os instrumentos musicais

- 1) Principios acústicos de produción do son nas diferentes familias instrumentais.
- 2) Clasificación sistemática dos instrumentos segundo as familias da orquestra (clasificación tradicional). **Ampliación: clasificación dos instrumentos segundo a clasificación universal de Hombostel-Sachs.**
- 3) Identificación visual e auditiva dos instrumentos musicais.
- 4) **Ampliación: A técnica instrumental. Posibilidades técnicas e expresivas dos instrumentos.**
- 5) Agrupacións instrumentais: grupos de cámara, a orquestra de cámara, a orquestra sinfónica, a banda, a *big-band* e outras agrupacións.

## Unidade 7. A organización do son

- 1) Ritmo:
  - Ritmos binarios e ternarios.
  - Fórmulas rítmicas.
  - Ampliación: notas síncopas e notas a contratempo**
- 2) Melodía:
  - Intervalos: melódicos (ascendentes e descendentes) e harmónicos, graos dos intervalos.
  - Escalas: diatónica, cromática, outras escalas (pentáfona, hexátona, de tons enteiros...).
  - Ampliación: escalas diatónicas maior e menor.**
  - Ampliación: graos da escala.**
  - Estrutura da melodía: motivo, frase, período. Deseños melódicos.
  - Comezo e final da melodía: anacruse, finais masculino e feminino.
- 3) **Ampliación: Harmonía:**
  - Consonancia e disonancia.
  - Acordes tríadas.
- 4) **Ampliación: Textura.** Tipos de textura.
- 5) **Ampliación: O estilo musical:** evolución da música ao longo da historia.
- 6) **Ampliación: A forma musical:**
  - Principios da construción formal: repetición, variación e contraste.
  - Sintaxe musical: motivo, frase, período.
  - A representación da forma. Esquemas formais.
  - Formas musicais básicas: forma estrófica, forma binaria, forma ternaria, forma sonata, rondó, canon, tema con variacións.



## Unidade 8. Os xéneros e as profesións musicais

- 1) Grandes xéneros musicais: música culta, música popular: música tradicional e música popular urbana; música relixiosa, música profana; música pura, música descritiva e programática, música escénica, música para o cine, a televisión, a publicidade, música vocal, música instrumental.
- 2) Profesións musicais: enxeñeiro de son, compositor, intérprete, director de orquestra, luthier, arranxista, cantante, bailarín, produtor.

## Unidade 9. Práctica musical

- 1) Lectura musical.
- 2) Práctica instrumental (fauta, instrumentos Orff) e/ou vocal.
- 3) Danza e/ou percusión corporal.
- 4) Composición, arranxo e/ou ditado musical.
- 5) Ampliación: Tecnoloxía musical.

**d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO II).**

### d.1) Temporalización dos estándares de aprendizaxe

En liñas xerais, seguirase a seguinte secuenciación e temporalización dos contidos:

-1ª avaliación: unidades 1 e 2, punto 1 da unidade 3, catro exemplos da unidade 8 e exercicios a elección da unidade 9.

-2ª avaliación: unidades 3 e 4, puntos 1 e 2 da unidade 7, cinco exemplos da unidade 8 e exercicios a elección da unidade 9.

-3ª avaliación: unidades 5 e 6, cinco exemplos da unidade 8 exercicios a elección da unidade 9 e, se procede, contidos de ampliación da unidade 7.

### d.2) Grao mínimo de consecución para superar a materia

Determinados estándares de aprendizaxe, considerados contidos mínimos da materia, deberán de ter un alto grao de consecución (75%-100%) para superar a materia, como a lectura de notas e figuras, a realización de ritmos básicos ou os rudimentos elementais na práctica coa fruta doce.

Outros estándares de aprendizaxe non precisarán tan alto grao de consecución, sendo suficiente co 50% ou inferior incluso se se trata de contidos de ampliación.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe avaliable está exposto no ANEXO II. Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá adaptar, ao longo do curso, o grao mínimo de consecución de cada estándar en función das características do alumnado, especialmente nos casos de alumnos/as con necesidades especiais de apoio educativo.

### d.3) Procedementos e instrumentos de avaliación.

Tendo en conta a particularidade da materia de *Música*, que se traballa dun xeito global, un mesmo procedemento pode avaliar distintos estándares de aprendizaxe, especialmente nos traballos de práctica musical.

En liñas xerais, poderán empregarse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

- 1. Exames escritos** con preguntas teóricas, exercicios teórico-prácticos, análise e comentario de audicións identificación de imaxes de instrumentos, etc. **(PE)**
- 2. Exercicios de práctica musical:** lectura, interpretación mediante lectura ou imitación, ditado, creación musical, interpretación vocal, de movemento ou instrumental coa frauta ou con outros instrumentos da aula (percusión). **(PM)**
- 3. Realización de tarefas na casa** (reforzo, ampliación, traballos de investigación...). **(T)**
- 4. Revisión do caderno** do/a alumno/a: tarefas realizadas e correctas ou corrixidas, limpeza, etc. e **control do material** do alumnado. **(C/M)**
- 5. Observación diaria do traballo na aula**, incluíndo a súa **actitude** cara a materia, a súa vontade de traballo e esforzo, a **responsabilidade** no cumprimento das súa tarefas, o seu **respecto** ao profesor e aos compañeiros e a achega e o coidado do **material**. **(Obs.)**.

### e) Concrecións metodolóxicas da materia

A metodoloxía a aplicar na área de música e eminentemente activa, partindo dos coñecementos dos alumnos para chegar o descubrimento de novos conceptos. En primeiro lugar plantéxase o tema que se vai traballar, seguido das actividades de experimentación, ca posterior reflexión e conclusións, que os alumnos anotarán no seu caderno de traballo. Utilízase tamén a imitación como forma de aprender cancións, pezas instrumentais e danzas; nos dous primeiros casos contarase, ademais, co apoio da lectura musical.

É moi importante conseguir dentro da aula uns hábitos de traballo baseados no silencio e no respecto ás normas. Esta é unha materia que combina constantemente exercicios individuais e en grupo. Para estes últimos fai falla moita orde para comezar todos ao mesmo tempo, rematar xuntos, manter o mesmo pulso,... Polo tanto, dende o principio de curso traballaranse este tipo de actitudes que favorecerán o posterior goce e motivación polas actividades grupais (danzas, instrumentacións, frauta doce,...).

No traballo dos aspectos teóricos e teórico-prácticos da materia, o alumnado realizará tarefas de aprendizaxe por descubrimento e de consolidación de aprendizaxe. Estas tarefas realizaranse principalmente na aula (nalgún caso o alumnado deberá rematar as tarefas non finalizadas na clase na súa casa, ou poderá ter que facer outras de reforzo ou ampliación). A metodoloxía incluírá lectura ou toma de apuntes sobre a materia, traballo na aula virtual ou blogues específicos da materia, exercicios escritos, audicións, lectura de partituras, práctica vocal, instrumental ou de movemento, busca de información, visionado de vídeos, etc. Para os exercicios de práctica musical enténdese que o alumnado deberá reforzar en casa o traballado en clase, se lle é preciso, para acadar unha boa realización dos exercicios.

## **f) Materiais e recursos didácticos**

1. Libro de texto *Música ao vivo*, de Pilar Pascual Mejía, Editorial Pearson.
2. Caderno de actividades *Música ao vivo*, de Pilar Pascual Mejía, Editorial Pearson.
3. Apuntes tomados en clase
4. Fotocopias entregadas pola profesora.
5. Contornas virtuais: blogues, aula virtual, youtube, etc.
6. CDs, DVDs.
7. Frauta doce, piano, guitarra, instrumentos Orff, pequena percusión.

### **Os alumnos deben aportar:**

1. O libro de texto e o caderno de exercicios.
2. Arquivador con folios para toma de apuntes, realización de exercicios e conservación dos materiais entregados pola profesora.
3. Caderno pentagramado (ou papel pentagramado arquivado co resto de material).
4. Frauta doce.

Todo o material debe de estar debidamente marcado cos datos do/a alumno/a e en bo estado.

## **g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

Os criterios de avaliación para cada unidade están expostos no **ANEXO II**.

En cada avaliación o/a alumno/a deberá obter, para acadar unha avaliación positiva, unha media de 5 puntos (5/10) realizada a partir dos distintos procedementos e instrumentos de avaliación empregados ao longo da mesma, tendo en conta as seguintes puntualizacións:

a) As porcentaxes de cualificación na nota de cada avaliación serán:

- 50%: exames escritos (PE)
- 30%: exercicios de práctica musical (PM)
- 20%: realización de tarefas na casa (T), revisión do caderno do/a alumno/a e control do material do alumnado. (C/M) e observación diaria do traballo na aula, incluíndo a súa actitude e a achega e o coidado do material (Obs.).

b) Para que o media das partes teña como resultado o aprobado, o/a alumno/a deberá obter:

- unha nota mínima de 4 nos exames escritos (PE)
- unha nota mínima de 3 nas probas de práctica musical (PM)
- O/A alumno/a non poderá ter faltas reiteradas de material, que supoñan o 50% ou máis das sesións, ou reiteración de faltas de orde ou de tarefas, e deberá presentar o caderno para a súa

revisión cando o profesor llo requira e este deberá estar ao día. (C/M, Obs., T).

c) Outros criterios de avaliación e cualificación:

- Se un alumno/a ten faltas reiteradas de material, que supoñan o 50% ou máis das sesións, ou reiteración de faltas de orde, suspenderá a avaliación en curso e poderá suspender a materia en xuño (ver seguintes aclaracións).

- Un alumno ou alumna que non traia o seu material a un exame de práctica (frauta propia, partitura propia sen as notas escritas, etc.) non pode examinarse, polo que a súa cualificación nesa proba é de 0. O/A profesor/a poderá decidir realizarlle unha recuperación, pero a nota da mesma levará unha penalización de 2 puntos.

- Se un alumno ou alumna non realiza unha proba práctica no día sinalado por non tela traballado suficientemente, a súa cualificación é de 0. O/A profesor/a poderá repetirlle a proba, se así o decide, nas mesmas condicións expostas no punto anterior.

- Se un alumno ou alumna suspende un exame práctico, a profesora decidirá se lle fai unha recuperación. Neste caso, a nota da recuperación contará o 80% da nota final da proba práctica, e a nota do 1º exame contará un 20%.

- O/A profesor/a decidirá a realización ou non de probas de recuperación das tarefas e traballos para os alumnos que non as aproben, en condicións similares ás anteriormente expostas para as probas prácticas.

- Os profesores decidirán a realización ou non de probas de recuperación para os alumnos que non aproben as probas parciais (PE) da materia. De calquera xeito, os alumnos que non teñan todas as PE superadas a fin de curso, poderán realizar un exame escrito global de toda a materia do curso. Igualmente, as PM deberán estar superadas ou suspensas con cualificación superior á nota mínima de promedio para poder aprobar o curso.

d) O alumnado que non supere a materia de Música en xuño examínase na convocatoria extraordinaria de setembro, na que realizará un exame escrito (PE). Este exame deberá estar aprobado (nota igual ou superior a 5) para que o alumnado poida superar a materia (agás especificación en NOTA). Os contidos da proba de setembro abranguerán a totalidade da materia do curso. Como se trata dunha convocatoria extraordinaria, a avaliación do alumnado basearase exclusivamente nos resultados do alumnado nas probas realizadas en setembro, en convocatoria única.

NOTA: Como en setembro non fará proba práctica, o alumnado que teña as PM aprobadas en xuño contará con 1 punto a sumar á nota do exame de setembro. Deste xeito, este alumnado poderá superar a materia en setembro se obtén na proba escrita unha nota igual ou superior a 4.

## **h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

O proceso de ensino e a práctica docente consideraranse satisfactorios se a porcentaxe total de alumnos/as aprobados supera o 50% do total.

## **i) Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Informarase aos pais e ás nais do alumnado pendente. A atención ás materias pendentes farase segundo a normativa contida na Orde de 30 de setembro de 2004, DOG do 22 de outubro (modificada en parte pola Orde de 23 de xuño de 2008, DOG do 24 de xuño).

**a) Contidos:** serán os que figuran na programación didáctica do centro. Ésta pódese consultar na xefatura do departamento ou na Xefatura de estudos. Estes contidos pode estudialos polo libro de texto de Música de 2º da ESO *Música ao vivo*, de Pilar Pascual Mejía, Editorial Pearson, e mesmo polos apuntes de clase.

**b) Criterios de avaliación:** figuran na programación didáctica que está depositada na Xefatura de estudos.

**c) Actividades de avaliación:** os profesores do departamento fixarán unhas datas, dacordo cos alumnos con esta materia pendente, para darlles traballo de reforzo, se así o desexan, e resolver todas as dúbidas que teñan e así garantir o seguemento dos mesmos.

**d) Procedementos de avaliación:** segundo a normativa de pendentes, o/a alumno/a terá dereito a dúas probas escritas (maio e setembro). Non obstante, este departamento fará, antes da proba final de maio, outra proba global, en xaneiro, mediante a cal o/a alumno/a pode superar a pendente; de non ser así, deberá presentarse á proba final ou, se é o caso, a extraordinaria de setembro.

Durante todo o curso cada alumno/a terá un profesor de referencia ao que poderá dirixirse para consultar calquera dúbida. O ritmo de traballo e estudo estará marcado en todo momento polo interese do propio alumno/a. A cualificación final do/a alumno/a farase en base á nota do exame, aínda que poderá terse en conta o traballo realizado e o interese mostrado polo alumnado ao longo do curso.

**e) Datas de exames:** as datas das probas anunciaranse oportunamente no taboleiro do Centro.

## **j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Nas primeiras sesións do curso, o profesorado realizará ao alumnado unhas probas de avaliación inicial consistentes en:

1) **Unha proba escrita** sobre contidos básicos da materia (notas, figuras, compases, algún termo de dinámica e de tempo, clasificación dos instrumentos musicais, etc.) para comprobar o nivel de coñecementos teóricos que acadaron e conservan da Educación Primaria.

2) **Probas prácticas** consistentes en: imitar ritmos básicos con palmas ou claves, ler unha partitura musical sinxela, tocar exercicios básicos na frauta doce e en instrumentos Orff.

En base aos resultados, o profesorado adaptará a programación ás características xerais de cada grupo (que, por cuestións organizativas, presentan moitas diferenzas entre eles). Igualmente, o profesorado empregará estas probas para detectar casos de ANEAE ou de altas capacidades e falará con Orientación educativa para examinar o expediente destes alumnos e deseñar as medidas de reforzo ou ampliación oportunas.

## **k) Medidas de atención á diversidade**

No ensino coexisten ritmos de aprendizaxe e necesidades diferentes entre o alumnado, polo que debemos de dar resposta a esta diversidade. Na medida que as condicións de traballo o

permitan, intentarase axudar especialmente a aqueles que máis o necesiten, sen descoidaren aos demais. Non é doado; se cadra requiriría a presenza de dous profesionais naquelas aulas onde exista unha maior “diversidade”. Reforzaranse e seguiranse de preto, os distintos casos, a través de medidas como: revisión de tarefas mesa por mesa, atención individualizada (tanto maior canta menor cantidade de alumnado integre a aula), reforzo educativo, ou calquera outra medida que se considere positiva para a boa marcha do curso.

O alumnado que presente necesidades especiais de apoio educativo, especialmente se están avaladas por un diagnóstico médico e notificadas ao departamento de Orientación educativa (alumnado con minusvalías recoñecidas, trastornos neurolóxicos, TDAH, TEA, TXD, etc.), ou ben se proceden doutro sistema educativo no que non estea reglado o ensino da música na educación pública, serán obxecto de medidas de **reforzo** educativo, e poderán realizárselles adaptacións na metodoloxía didáctica, nas probas tanto escritas como prácticas, e nos contidos mínimos esixibles para superar a materia se así o considera o departamento. Igualmente, baixo o coñecemento do Departamento de Orientación e do/a titor/a e en colaboración con eles, aplicarase, se é conveniente, o **protocolo de atención ao alumnado con TDAH**.

Existe un grupo de Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (**PMAR**) en 2º ESO que, se ben está integrado co seu grupo de referencia na clase de Música e non ten unha programación adaptada, poderá ser obxecto, se se considera preciso, dalgunha medida de reforzo educativo ao longo do curso.

O alumnado que presente altas capacidades para a música ou que curse estudos musicais poderá realizar exercicios teórico-prácticos de **ampliación** da materia, así como probas musicais máis complexas, adaptadas ás súas capacidades, sempre que a organización da práctica docente na aula así o permita.

## **I) Elementos transversais que se traballarán**

**a) Educación medio-ambiental:** trátase de fomentar no alumnado unha actitude de sensibilización para a conservación do medio natural.

- Análise das consecuencias negativas do abuso sonoro: contaminación acústica.

**b) Educación viaria:** o obxectivo é mentalizar aos alumnos e axudalos a desenvolver hábitos responsables de circulación e seguridade viaria como peóns e usuarios de vehículos, evitando as distraccións e respectando as normas establecidas

- Responsabilidade no uso de auriculares, prestando unha maior atención ao tráfico.

**c) Educación para a paz e a tolerancia:** debemos de fomentar actitudes básicas para a convivencia pacífica e o respecto aos demais.

- A atención aos demais nas prácticas de conxunto implica ter en conta aos outros, respectándoos, e interactuar colectivamente en algo creativo.

- O coñecemento da música doutras culturas e doutras épocas serve de achegamento e comprensión doutras sociedades, ao tempo que revaloriza o patrimonio propio.

**d) Educación para a igualdade entre os sexos:** parte da necesidade de corrixir as diferenzas discriminatorias por razón de sexo ás que aínda asistimos na actualidade. Toda actividade musical en grupo parte do principio de integración, de repartición de traballo e respecto mutuo. Por outra banda, a música é vehículo habitual de denuncia dos abusos sexistas contra as mulleres.

- Realización de bailes en grupo e por parellas mixtas ou con cambio de parella.

- Práctica vocal a voces mixtas.
- Calquera outro tipo de traballo creativo no que interveñan alumnos e alumnas.
- Audición e reflexión sobre a mensaxe de cancións que tratan a temática do sexismo.

**e) Educación para a saúde:** xa que a práctica musical se realiza corporalmente, trátase de apreciar e coñecer o propio corpo, partindo dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental.

- A través do movemento: mellorar a relaxación do corpo e ton muscular.
- Coa práctica vocal e instrumental: mellorar hábitos posturais e aprender pautas básicas para o coidado da voz, para realizar unha boa respiración e mellorar a emisión vocal. Os exercicios respiratorios dan pé á reflexión sobre o tabaquismo e a súa incidencia negativa sobre a saúde.

**f) Educación do consumidor:** o consumo de música é algo moi habitual na adolescencia, polo que debemos fomentar no alumnado un consumo responsable e capacidade crítica.

- Audición, análise e reflexión sobre pezas de distintos estilos para desenvolver o sentido crítico.
- Investigación e reflexión sobre o papel da música en distintos ámbitos: comunicativo, publicitario, artístico, etc.

**g) Educación para o ocio:** faise necesario inculcar no alumnado o sentido crítico do ocio e informalos de actividades lúdico-musicais extra-escolares.

- Difusión de diferentes ofertas en relación á música, á danza ou ao teatro.

**h) Educación moral e cívica:** moitos aspectos da moral e o civismo están tratados nos temas transversais anteriores, pero debemos facer fincapé neles, xa que unha das finalidades do ensino é educar para a convivencia no pluralismo, tendo en conta, ademais, que a música sempre estivo e está en relación coa sociedade.

- Fomento de actitudes de respecto cara aos demais.
- Aceptación das normas que rexen as actividades colectivas.
- Debates sobre os distintos estilos musicais respectando os gustos do resto.

**i) Educación sexual:** este contido merece especial atención na formación integral da persoa. Os alumnos de secundaria teñen unha idade na que é preciso consolidar actitudes básicas e estar ben informado.

- Muda de la voz: causas y consecuencias.

## **m) Actividades complementarias e extraescolares.**

- Asistencia a un ensaio da OSG: o Departamento de Música solicitou a asistencia a varios ensaios xerais abertos da Orquestra Sinfónica de Galicia, dentro das actividades do programa Son Futuro, incluído na oferta educativa do Concello de A Coruña, co propósito de que todo o alumnado dalgunha das materias do departamento poda asistir a un concerto.

- Concerto de Nadal: pídesse ao alumnado con estudos musicais que participe no Concerto de Nadal que se celebrará no centro a finais da 1ª avaliación, en horario lectivo.

- Por outra banda, procurarase que o alumnado de *Música* participe nas actividades que se organicen no centro e que teñan unha presenza ou carácter musical. Do mesmo xeito, o departamento resérvase o dereito de planificar novas actividades complementarias ou extraescolares ao longo do curso, se xurde nalgún momento unha oferta de interese para o alumnado.

## **n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.**

Cada profesor do Departamento avaliará o proceso de ensino e a práctica docente en función aos indicadores de logro mencionados no apartado h. Á vista dos resultados, tanto individuais (de cada grupo) como colectivos (todo 2º ESO), revisarase a programación para efectuar as modificacións pertinentes de cara ao próximo curso académico, como poden ser: reelaboración das unidades didácticas, cambio do libro de texto (cando a normativa ao respecto así o permita), deseño de novas actividades de aula, cambios na secuenciación ou temporalización dos contidos, redefinición dos criterios de avaliación e cualificación, deseño de novas medidas de atención á diversidade, planificación de actividades complementarias, etc.

As reflexións e acordos acadados recolleranse na Memoria de fin curso do departamento.



# PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE *MÚSICA* EN 3º ESO

## a) Introducción e contextualización

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de *Música* contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades cooperativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a

historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha ponte entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito cooperativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para a contorna social.

## **b.1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

**a) Comunicación lingüística (CCL):** a materia de *Música* axuda ao alumnado a desenvolver a súa competencia como axentes comunicativos mediante a aprendizaxe doutro sistema de signos: a linguaxe musical. A partir da adquisición da lecto-escritura musical, o alumnado será quen de comprender e expresarse a través deste complexo e á vez universal sistema de comunicación. Por outra banda, o alumnado traballará no desenvolvemento da súa sensibilidade artística como consumidor de distintos estilos de música (en 3º ESO traballarase especialmente a música culta occidental a través da historia), e aprenderá a emitir, empregando un vocabulario musical axeitado, xuízos fundados de valoración sobre distintos fenómenos musicais, desenvolvendo así outra das dimensións da comunicación lingüística.

**b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** a música contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais contemporáneas como a música aleatoria ou a estocástica.

**c) Competencia dixital (CD):** a música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital (CD). O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer. A obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información, tanto textual como musical: búsqueda e selección de contidos, opcións de almacenamento, etc.

**d) Aprender a aprender (CAA):** a música pode ser clave para o desenvolvemento desta competencia, debido á súa progresividade e ao seu carácter artístico e multidisciplinar: traballarase a planificación e xestión das tarefas, así como a análise dos resultados, e tamén, de xeito moi relevante, a motivación para abordar as tarefas (especialmente as de práctica musical) e o control de emocións para poder desenvolverlas axeitada e satisfactoriamente; por último, en relación coa competencia cultural e artística, o alumnado aprenderá a respectar, valorar e desfrutar a música de distintos estilos, épocas e culturas a través do seu coñecemento.

**e) Competencias sociais e cívicas (CSC):** a participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento ofrece a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas dos outros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado. A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

**f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** as materias do Departamento de Música contribúen ao desenvolvemento desta competencia mediante o traballo cooperativo e a planificación e xestión de proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

**g) Conciencia e expresións culturais (CCEC):** a materia de *Música* en 3º ESO contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais a través de experiencias perceptivas, expresivas e de coñecemento das músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico nos que se inscribe cada obra.

## **b.2) Estándares de aprendizaxe avaliáveis.**

Para a concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais, ver **ANEXO III**.

### **Bloque 1: Interpretación e creación**

- MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
- MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.
- MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos

procedementos compositivos e os tipos formais.
▪ MUB1.4.1. Aмоса interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
▪ MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
▪ MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
▪ MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.
▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
▪ MUB1.7.1. Aмосa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.
▪ MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.

## **Bloque 2: Escoita**

▪ MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.
▪ MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.

- MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
- MUB2.4.1. Amona interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.
- MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.
- MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.
- MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.
- MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

### **Bloque 3: Contextos musicais e culturais**

- MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.
- MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.
- MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.
- MUB3.2.1. Amona interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición
- MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.
- MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.
- MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.
- MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.
- MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
- MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica das producións.
- MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

### **Bloque 4: Música e tecnoloxías**

- |   |
|---|
| ▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.                    |
| ▪ MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. |
| ▪ MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.        |

### **c.1) Obxectivos para o curso.**

1. Integrar a música na súa vida persoal, respectando e valorando as músicas de distintas épocas e xéneros, e recoñecendo a importancia do estudo e da práctica musical para o seu propio desenvolvemento persoal.
2. Coñecer e empregar axeitadamente os conceptos básicos dunha obra musical e da súa representación gráfica: melodía, ritmo, harmonía, textura, forma, xénero, instrumentación, notas, figuras, compases, claves, alteracións, matices dinámicos, indicadores de tempo, etc.).
3. Identificar e nomear os conceptos básicos dunha obra musical e da súa representación gráfica en audición, lectura e análise de partituras ou visualmente (imaxes ou vídeos).
4. Distinguir por medio da audición activa os estilos máis importantes da Historia da música e situalos temporalmente.
5. Coñecer os principais compositores da Historia da música e situalos no tempo e no lugar en que viviron, asociándoos co estilo de música que compuxeron.
6. Ler partituras musicais en notación convencional dunha dificultade axeitada ao nivel do curso (e do alumnado).
7. Interpretar pezas musicais sinxelas, exercicios e acompañamentos coa frauta doce, coa voz e cos instrumentos da aula (percusión), desenvolvendo as habilidades e técnicas interpretativas requiridas.
8. Participar noutros exercicios de práctica musical que se realicen na aula, respectando as pautas básicas do traballo en grupo, mostrando interese pola súa realización e valorando o traballo propio e o dos compañeiros: exercicios rítmicos, danzas, percusión corporal, creación musical, elaboración de arranxos ou acompañamentos, etc.
9. Identificar visual e auditivamente os instrumentos da orquestra sinfónica e doutras agrupacións instrumentais da música occidental, así como algúns instrumentos propios doutras épocas; diferenciar auditivamente os distintos tipos de voces e coñecer a súa clasificación.
10. Participar nas actividades musicais que se realicen dentro e fóra do centro, manifestando unha actitude aberta e cooperativa ante as propostas e expresando as súas opinións.

### **c.2) Contidos para o curso.**

## Unidade 1. Elementos da linguaxe musical.

- 1) Repaso dos principais signos da linguaxe musical: notas, figuras e silencios, claves, pentagrama, alteracións, compases, signos de prolongación, matices dinámicos, indicadores de tempo.
- 2) A textura musical: concepto e principais texturas: monodia, polifonía contrapuntística, homofonía, melodía acompañada.
- 3) Xéneros musicais: principais clasificacións de xénero: música culta / popular, música relixiosa / profana, música vocal / instrumental, música pura / música descritiva, programática, escénica.
- 4) A forma musical: principios formais (repetición, variación e contraste), formas básicas (estrófica, binaria, ternaria, rondó), principais formas musicais na Historia da música.
- 5) A tonalidade: escalas maiores e menores, escalas pentatónica e cromática, graos da escala, sistema tonal.

## Unidade 2. A música na Antigüidade e na Idade Media

- 1) Cadro cronolóxico: cronoloxía, acontecementos e personaxes históricos, culturais e musicais de relevo.
- 2) A música en Greza:
  - 2.1. A orixe divina da música.
  - 2.2. Características da música en Greza.
  - 2.3. A música na educación.
- 3) Idade Media:
  - 3.1. Música vocal relixiosa: o canto gregoriano.
  - 3.2. Música vocal profana: trobadores e xogres.
  - 3.3. Nacemento da polifonía.
- 4) A danza na Antigüidade e a Idade Media.
- 5) A Idade Media en España:
  - 5.1. Música vocal relixiosa.
  - 5.2. Música vocal profana.
  - 5.3. A polifonía.

## Unidade 3. O Renacemento

- 1) Cadro cronolóxico: cronoloxía, acontecementos e personaxes históricos, culturais e musicais de relevo.
- 2) Música vocal relixiosa.
- 3) Música vocal profana.
- 4) Música instrumental:
  - 4.1. Formas instrumentais.
  - 4.2. Os instrumentos.
- 5) A danza no Renacemento.
- 6) O Renacemento en España:
  - 6.1. Música vocal relixiosa.
  - 6.2. Música vocal profana.
  - 6.3. Música instrumental.

## Unidade 4. O Barroco

- 1) Cadro cronolóxico: cronoloxía, acontecementos e personaxes históricos, culturais e musicais de relevo.
- 2) Música vocal relixiosa:
  - 2.1. O nacemento da ópera.
  - 2.2. Tipos de ópera.
- 3) Música vocal profana:
  - 3.1. A cantata.
  - 3.2. O oratorio.
  - 3.2. A paixón.
- 4) Música instrumental:
  - 4.1. A fuga.
  - 4.2. A suite.
  - 4.3. A sonata.
  - 4.4. O concerto.
- 5) A danza no Barroco:
  - 5.1. O desenvolvemento do ballet: o *Ballet de cour*.
  - 5.2. A danza de sociedade.
- 6) O Barroco en España:
  - 6.1. Música vocal relixiosa.
  - 6.2. Música vocal profana.
  - 6.3. Música instrumental.
  - 6.4. Música escénica.

## Unidade 5. O Clasicismo

- 1) Cadro cronolóxico: cronoloxía, acontecementos e personaxes históricos, culturais e musicais de relevo.
- 2) Música vocal profana: a ópera clásica:
  - 2.1. Ópera seria.
  - 2.2. Ópera bufa.
- 3) Música instrumental:
  - 3.1. O esquema sonata.
  - 3.2. Principais formas instrumentais.
- 4) A danza no Clasicismo.
  - 4.1. O verdadeiro ballet: o *Ballet d'action*.
  - 4.2. A danza de sociedade: o Minueto.
- 5) O Clasicismo en España:
  - 3.1. Música escénica.
  - 3.2. Música instrumental.

## Unidade 6. O Romanticismo

- 1) Cadro cronolóxico: cronoloxía, acontecementos e personaxes históricos, culturais e musicais de relevo.
- 2) Grandes formas instrumentais:
  - 2.1. Sinfonía e concerto.
  - 2.2. Música programática.
- 3) Pequenas formas:



- 3.1. O lied.
- 3.2. O piano.
- 4) A ópera romántica:
  - 4.1. A ópera en Italia.
  - 4.2. A ópera en Francia.
  - 4.3. A ópera en Alemaña.
- 5) Os nacionalismos.
- 6) A danza no Romanticismo:
  - 6.1. Os grandes ballets románticos
  - 6.2. A danza de salón.
- 7) O Romanticismo en España:
  - 7.1. Música instrumental.
  - 7.2. A zarzuela romántica.
  - 7.3. O nacionalismo español.

## Unidade 7. O século XX

- 1) Cadro cronolóxico: cronoloxía, acontecementos e personaxes históricos, culturais e musicais de relevo.
- 2) Evolución:
  - 2.1. Impresionismo.
  - 2.2. Expresionismo.
  - 2.3. Nova sonoridade: Stravinsky.
- 3) Ruptura:
  - 3.1. Futurismo.
  - 3.2. Dadaísmo.
  - 3.3. Dodecafonismo.
- 4) A volta atrás: Neoclasicismo.
- 5) Novas correntes de vangarda:
  - 5.1. Serialismo.
  - 5.2. Música concreta.
  - 5.3. Música electrónica.
  - 5.4. Música electroacústica.
  - 5.5. Música estocástica.
  - 5.6. Electrónica en vivo.
  - 5.7. Música aleatoria.
- 6) A danza contemporánea:
  - 6.1. O desenvolvemento do ballet: os Ballets Rusos.
  - 6.2. A danza moderna.
  - 6.3. As novas danzas urbanas.
- 7) O século XX en España:
  - 7.1. A xeración do 98.
  - 7.2. A xeración do 27 ou da República.
  - 7.3. Compositores actuais.

## Unidade 8. Música e novas tecnoloxías

- 1) Gravación e reprodución do son.
- 2) Instrumentos electrónicos.
- 3) Informática musical.

- 4) A música no cine:
  - 4.1. Evolución da música cinematográfica.
  - 4.2. Relación da música coa imaxe.
  - 4.3. Funcións da música no cine.
  - 4.4. Músicas prestadas.
- 5) A música na radio e na televisión:
  - 5.1. A radio.
  - 5.2. A televisión.
  - 5.3. Música e publicidade.

## **Unidade 9. Práctica musical**

- 1) Lectura musical.
- 2) Práctica instrumental (frauta, instrumentos Orff) e/ou vocal.
- 3) Danza e/ou percusión corporal.
- 4) Ampliación: composición, arranxo e/ou ditado musical.
- 5) Ampliación: tecnoloxía musical.

**d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO III).**

### **d.1) Temporalización dos estándares de aprendizaxe**

En liñas xerais, seguirase a seguinte secuenciación e temporalización dos contidos:

-1ª avaliación: unidades 1 (apartados 1, 2, parte do 3 e do 5), 2 e 3 e un exercicio a elección da unidade 9.

-2ª avaliación: unidades 1 (apartado 4, continuación do 3 e do 5), 4 e 5 e un exercicio a elección da unidade 9.

-3ª avaliación: unidades 6, 7 e 8 e un exercicio a elección da unidade 9.

### **d.2) Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Determinados estándares de aprendizaxe, considerados contidos mínimos da materia, deberán de ter un alto grao de consecución (75%) para superar a materia, como a lectura de notas e figuras, a realización de ritmos básicos ou os rudimentos elementais na práctica coa frauta doce.

Outros estándares de aprendizaxe non precisarán tan alto grao de consecución, sendo suficiente co 50%.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe avaliable está exposto no **ANEXO III**. Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá adaptar, ao longo do curso, o grao mínimo de consecución de cada estándar en función das características do alumnado, especialmente nos casos de alumnos/as con necesidades especiais de apoio educativo.

### d.3) Procedementos e instrumentos de avaliación.

Tendo en conta a particularidade da materia de Música, que se traballa dun xeito global, un mesmo procedemento pode avaliar distintos estándares de aprendizaxe, especialmente nos traballos de práctica musical.

En liñas xerais, poderán empregarse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

- 1. Exames escritos** con preguntas teóricas, exercicios teórico-prácticos, análise e comentario de audicións identificación de imaxes de instrumentos, etc. **(PE)**
- 2. Exercicios de práctica musical:** lectura, interpretación mediante lectura ou imitación, ditado, creación musical, interpretación vocal, de movemento ou instrumental coa frauta ou con outros instrumentos da aula (percusión). **(PM)**
- 3. Realización de tarefas na casa** (reforzo, ampliación, traballos de investigación...). **(T)**
- 4. Revisión do caderno** do/a alumno/a: tarefas realizadas e correctas ou corrixidas, limpeza, etc. e **control do material** do alumnado. **(C/M)**
- 5. Observación diaria do traballo na aula**, incluíndo a súa **actitude** cara a materia, a súa vontade de traballo e esforzo, a **responsabilidade** no cumprimento das súa tarefas, o seu **respecto** ao profesor e aos compañeiros e a achega e o coidado do **material**. **(Obs.)**.

### e) Concrecións metodolóxicas da materia

A metodoloxía a aplicar na área de música e eminentemente activa, partindo dos coñecementos dos alumnos para chegar o descubrimento de novos conceptos. En primeiro lugar plantéxase o tema que se vai traballar, seguido das actividades de experimentación, ca posterior reflexión e conclusións, que os alumnos anotarán no seu caderno de traballo. Utilízase tamén a imitación como forma de aprender cancións, pezas instrumentais e danzas; nos dous primeiros casos contarase, ademais, co apoio da lectura musical.

É moi importante conseguir dentro da aula uns hábitos de traballo baseados no silencio e no respecto ás normas. Esta é unha materia que combina constantemente exercicios individuais e en grupo. Para estes últimos fai falla moita orde para comezar todos ao mesmo tempo, rematar xuntos, manter o mesmo pulso,... Polo tanto, dende o principio de curso traballaranse este tipo de actitudes que favorecerán o posterior goce e motivación polas actividades grupais (danzas, instrumentacións, frauta doce,...).

No traballo dos aspectos teóricos e teórico-prácticos da materia, o alumnado realizará tarefas de aprendizaxe por descubrimento e de consolidación de aprendizaxe. Estas tarefas realizaranse principalmente na aula (nalgún caso o alumnado deberá rematar as tarefas non finalizadas na clase na súa casa, ou poderá ter que facer outras de reforzo ou ampliación). A metodoloxía incluírá lectura ou toma de apuntes sobre a materia, traballo na aula virtual ou blogues específicos da materia, exercicios escritos, audicións, lectura de partituras, práctica vocal, instrumental ou de movemento, busca de información, visionado de vídeos, etc. Para os exercicios de práctica musical enténdese que o alumnado deberá reforzar en casa o traballado en clase, se lle é preciso, para acadar unha boa realización dos exercicios.

## **f) Materiais e recursos didácticos**

1. Libro de texto *Música II Educación Secundaria Obligatoria*, de Alicia Rodríguez Blanco, Editorial Editex.
2. Apuntes tomados en clase
3. Fotocopias entregadas polo profesorado.
4. Contornas virtuais: blogues, aula virtual, youtube, etc.
5. CDs, DVDs.
6. Frauta doce, piano, guitarra, instrumentos Orff, pequena percusión.

### **Os alumnos deben aportar:**

1. O libro de texto.
2. Arquivador con folios para toma de apuntes, realización de exercicios e conservación dos materiais entregados pola profesora.
3. Papel pentagramado archivado co resto de material (con dúas follas será suficiente)
4. Frauta doce.

Todo o material debe de estar debidamente marcado cos datos do/a alumno/a e en bo estado.

## **g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

Os criterios de avaliación para cada unidade están expostos no **ANEXO III**.

En cada avaliación o/a alumno/a deberá obter, para acadar unha avaliación positiva, unha media de 5 puntos (5/10) realizada a partir dos distintos procedementos e instrumentos de avaliación empregados ao longo da mesma, tendo en conta as seguintes puntualizacións:

a) As porcentaxes de cualificación na nota de cada avaliación serán:

- 70%: exames escritos (PE)
- 20%: exercicios de práctica musical (PM)
- 10%: realización de tarefas na casa (T), revisión do caderno do/a alumno/a e control do material do alumnado. (C/M) e observación diaria do traballo na aula, incluíndo a súa actitude e a achega e o coidado do material (Obs.).

b) Para que o media das partes teña como resultado o aprobado, o/a alumno/a deberá obter:

- unha nota mínima de 4 nos exames escritos (PE)
- unha nota mínima de 3 nas probas de práctica musical (PM)
- do mesmo xeito, o alumno non poderá ter faltas reiteradas de material, que supoñan o 50% ou máis das sesións, ou reiteración de faltas de orde ou de tarefas, e deberá presentar o caderno para a

súa revisión cando o profesor llo requira e este deberá estar ao día. (C/M, Obs., T).

c) Outros criterios de avaliación e cualificación:

- Se un alumno/a ten faltas reiteradas de material, que supoñan o 50% ou máis das sesións, ou reiteración de faltas de orde, suspenderá a avaliación en curso e poderá suspender a materia en xuño (ver seguintes aclaracións).

- Un alumno ou alumna que non traia o seu material a un exame de práctica (frauta propia, partitura propia sen as notas escritas, etc.) non pode examinarse, polo que a súa cualificación nesa proba é de 0. O/A profesor/a poderá decidir realizarlle unha recuperación, pero a nota da mesma levará unha penalización de 2 puntos.

- Se un alumno ou alumna non realiza unha proba práctica no día sinalado por non tela traballado suficientemente, a súa cualificación é de 0. O/A profesor/a poderá repetirlle a proba, se así o decide, nas mesmas condicións expostas no punto anterior.

- Se un alumno ou alumna suspende un exame práctico, a profesora decidirá se lle fai unha recuperación. Neste caso, a nota da recuperación contará o 80% da nota final da proba práctica, e a nota do 1º exame contará un 20%.

- O/A profesor/a decidirá a realización ou non de probas de recuperación das tarefas e traballos para os alumnos que non as aproben, en condicións similares ás anteriormente expostas para as probas prácticas.

- Os profesores decidirán a realización ou non de probas de recuperación para os alumnos que non aproben as probas parciais (PE) da materia. De calquera xeito, os alumnos que non teñan todas as PE superadas a fin de curso, poderán realizar un exame escrito global de toda a materia do curso. Igualmente, as PM deberán estar superadas ou suspensas con cualificación superior á nota mínima de promedio para poder aprobar o curso.

d) O alumnado que non supere a materia de Música en xuño examínase na convocatoria extraordinaria de setembro, na que realizará un exame escrito (PE). Este exame deberá estar aprobado (nota igual ou superior a 5) para que o alumnado poida superar a materia (agás especificación en NOTA). Os contidos da proba de setembro abranguerán a totalidade da materia do curso. Como se trata dunha convocatoria extraordinaria, a avaliación do alumnado basearase exclusivamente nos resultados do alumnado nas probas realizadas en setembro, en convocatoria única.

NOTA: Como en setembro non fará proba práctica, o alumnado que teña as PM aprobadas en xuño contará con 1 punto a sumar á nota do exame de setembro. Deste xeito, este alumnado poderá superar a materia en setembro se obtén na proba escrita unha nota igual ou superior a 4.

## **h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

O proceso de ensino e a práctica docente consideraranse satisfactorios se a porcentaxe total de alumnos/as aprobados supera o 50% do total.

## **i) Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Informarase aos pais e ás nais do alumnado pendente. A atención ás materias pendentes farase segundo a normativa contida na Orde de 30 de setembro de 2004, DOG do 22 de outubro (modificada en parte pola Orde de 23 de xuño de 2008, DOG do 24 de xuño).

**a) Contidos:** serán os que figuran na programación didáctica do centro. Ésta pódese consultar na xefatura do departamento ou na Xefatura de estudos. Estes contidos pode estudialos polo libro de texto de Música de 3º da ESO *Música II Educación Secundaria Obligatoria*, de Alicia Rodríguez Blanco, Editorial Editex.

**b) Criterios de avaliación:** figuran na programación didáctica que está depositada na Xefatura de estudos.

**c) Actividades de avaliación:** os profesores do departamento fixarán unhas datas, dacordo cos alumnos con esta materia pendente, para darlles traballo de reforzo, se así o desexan, e resolver todas as dúbidas que teñan e así garantir o seguemento dos mesmos.

**d) Procedementos de avaliación:** segundo a normativa de pendentes, o/a alumno/a terá dereito a dúas probas escritas (maio e setembro). Non obstante, este departamento fará, antes da proba final de maio, outra proba global, en xaneiro, mediante a cal o/a alumno/a pode superar a pendente; de non ser así, deberá presentarse á proba final ou, se é o caso, a extraordinaria de setembro.

Durante todo o curso cada alumno/a terá un profesor de referencia ao que poderá dirixirse para consultar calquera dúbida. O ritmo de traballo e estudo estará marcado en todo momento polo interese do propio alumno/a. A cualificación final do/a alumno/a farase en base á nota do exame, aínda que poderá terse en conta o traballo realizado e o interese mostrado polo alumnado ao longo do curso.

**e) Datas de exames:** as datas das probas anunciaranse oportunamente no taboleiro do Centro.

## **j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Nas primeiras sesións do curso, o profesorado realizará ao alumnado unhas probas de avaliación inicial consistentes en:

1) **Unha proba escrita** sobre contidos básicos da materia (notas, figuras, compases, algún termo de dinámica e de tempo, clasificación dos instrumentos musicais, etc.) para comprobar o nivel de coñecementos teóricos que acadaron e conservan de 2º ESO.

2) **Probas prácticas** consistentes en: imitar ritmos básicos con palmas ou claves, ler unha partitura musical sinxela, tocar exercicios básicos na fruta doce e en instrumentos Orff.

En base aos resultados, o profesorado adaptará a programación ás características xerais de cada grupo (que, por cuestións organizativas, presentan moitas diferenzas entre eles). Igualmente, o profesorado empregará estas probas para detectar casos de ANEAE ou de altas capacidades e falará con Orientación educativa para examinar o expediente destes alumnos e deseñar as medidas de reforzo ou ampliación oportunas.

## k) Medidas de atención á diversidade

No ensino coexisten ritmos de aprendizaxe e necesidades diferentes entre o alumnado, polo que debemos de dar resposta a esta diversidade. Na medida que as condicións de traballo o permitan, intentarase axudar especialmente a aqueles que máis o necesiten, sen descoidaren aos demais. Non é doado; se cadra requiriría a presenza de dous profesionais naquelas aulas onde exista unha maior “diversidade”. Reforzaranse e seguiranse de preto, os distintos casos, a través de medidas como: revisión de tarefas mesa por mesa, atención individualizada (tanto maior canta menor cantidade de alumnado integre a aula), reforzo educativo, ou calquera outra medida que se considere positiva para a boa marcha do curso.

O alumnado que presente necesidades especiais de apoio educativo, especialmente se están avaladas por un diagnóstico médico e notificadas ao departamento de Orientación educativa (alumnado con minusvalías recoñecidas, trastornos neurolóxicos, TDAH, TEA, TXD, etc.), ou ben se proceden doutro sistema educativo no que non estea reglado o ensino da música na educación pública, serán obxecto de medidas de **reforzo** educativo, e poderán realizárselles adaptacións na metodoloxía didáctica, nas probas tanto escritas como prácticas, e nos contidos mínimos esixibles para superar a materia se así o considera o departamento. Igualmente, baixo o coñecemento do Departamento de Orientación e do/a titor/a e en colaboración con eles, aplicarase, se é conveniente, o **protocolo de atención ao alumnado con TDAH**.

Existe un grupo de Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (**PMAR**) en 3º ESO que, se ben está integrado co seu grupo de referencia na clase de Música e non ten unha programación adaptada, poderá ser obxecto, se se considera preciso, dalgunha medida de reforzo educativo ao longo do curso.

O alumnado que presente altas capacidades para a música ou que curse estudos musicais poderá realizar exercicios teórico-prácticos de **ampliación** da materia, así como probas musicais máis complexas, adaptadas ás súas capacidades, sempre que a organización da práctica docente na aula así o permita.

## l) Elementos transversais que se traballarán

**a) Educación medio-ambiental:** trátase de fomentar no alumnado unha actitude de sensibilización para a conservación do medio natural.

- Análise das consecuencias negativas do abuso sonoro: contaminación acústica.

**b) Educación viaria:** o obxectivo é mentalizar aos alumnos e axudalos a desenvolver hábitos responsables de circulación e seguridade viaria como peóns e usuarios de vehículos, evitando as distraccións e respectando as normas establecidas

- Responsabilidade no uso de auriculares, prestando unha maior atención ao tráfico.

**c) Educación para a paz e a tolerancia:** debemos de fomentar actitudes básicas para a convivencia pacífica e o respecto aos demais.

- A atención aos demais nas prácticas de conxunto implica ter en conta aos outros, respectándoos, e interactuar colectivamente en algo creativo.

- O coñecemento da música doutras culturas e doutras épocas serve de achegamento e comprensión doutras sociedades, ao tempo que revaloriza o patrimonio propio.

**d) Educación para a igualdade entre os sexos:** parte da necesidade de corrixir as diferenzas

discriminatorias por razón de sexo ás que aínda asistimos na actualidade. Toda actividade musical en grupo parte do principio de integración, de repartición de traballo e respecto mutuo. Por outra banda, a música é vehículo habitual de denuncia dos abusos sexistas contra as mulleres.

- Realización de bailes en grupo e por parellas mixtas ou con cambio de parella.
- Práctica vocal a voces mixtas.
- Calquera outro tipo de traballo creativo no que interveñan alumnos e alumnas.
- Audición e reflexión sobre a mensaxe de cancións que tratan a temática do sexismo.
- Lectura e comentario de textos sobre o papel da muller na Historia da música.

**e) Educación para a saúde:** xa que a práctica musical se realiza corporalmente, trátase de apreciar e coñecer o propio corpo, partindo dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental.

- A través do movemento: mellorar a relaxación do corpo e ton muscular.
- Coa práctica vocal e instrumental: mellorar hábitos posturais e aprender pautas básicas para o coidado da voz, para realizar unha boa respiración e mellorar a emisión vocal. Os exercicios respiratorios dan pé á reflexión sobre o tabaquismo e a súa incidencia negativa sobre a saúde.

**f) Educación do consumidor:** o consumo de música é algo moi habitual na adolescencia, polo que debemos fomentar no alumnado un consumo responsable e capacidade crítica.

- Audición, análise e reflexión sobre pezas de distintos estilos para desenvolver o sentido crítico.
- Investigación e reflexión sobre o papel da música en distintos ámbitos: comunicativo, publicitario, artístico, etc.

**g) Educación para o ocio:** faise necesario inculcar no alumnado o sentido crítico do ocio e informalos de actividades lúdico-musicais extra-escolares.

- Difusión de diferentes ofertas en relación á música, á danza ou ao teatro.

**h) Educación moral e cívica:** moitos aspectos da moral e o civismo están tratados nos temas transversais anteriores, pero debemos facer fincapé neles, xa que unha das finalidades do ensino é educar para a convivencia no pluralismo, tendo en conta, ademais, que a música sempre estivo e está en relación coa sociedade.

- Fomento de actitudes de respecto cara aos demais.
- Aceptación das normas que rexen as actividades colectivas.
- Debates sobre os distintos estilos musicais respectando os gustos do resto.

**i) Educación sexual:** este contido merece especial atención na formación integral da persoa. Os alumnos de secundaria teñen unha idade na que é preciso consolidar actitudes básicas e estar ben informado.

- Muda da voz: causas e consecuencias.

## **m) Actividades complementarias e extraescolares.**

- Asistencia a un ensaio da OSG: o Departamento de Música solicitou a asistencia a varios ensaios xerais abertos da Orquestra Sinfónica de Galicia, dentro das actividades do programa Son Futuro, incluído na oferta educativa do Concello de A Coruña, co propósito de que todo o alumnado dalgunha das materias do departamento poda asistir a un concerto.

- Concerto de Nadal: pídesse ao alumnado con estudos musicais que participe no Concerto de



Nadal que se celebrará no centro a finais da 1ª avaliación, en horario lectivo.

- Por outra banda, procurarase que o alumnado de *Música* participe nas actividades que se organicen no centro e que teñan unha presenza ou carácter musical. Do mesmo xeito, o departamento resérvase o dereito de planificar novas actividades complementarias ou extraescolares ao longo do curso, se xurde nalgún momento unha oferta de interese para o alumnado.

## **n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.**

Cada profesor do Departamento avaliará o proceso de ensino e a práctica docente en función aos indicadores de logro mencionados no apartado h. Á vista dos resultados, tanto individuais (de cada grupo) como colectivos (todo 3º ESO), revisarase a programación para efectuar as modificacións pertinentes de cara ao próximo curso académico, como poden ser: reelaboración das unidades didácticas, cambio do libro de texto (cando a normativa ao respecto así o permita), deseño de novas actividades de aula, cambios na secuenciación ou temporalización dos contidos, redefinición dos criterios de avaliación e cualificación, deseño de novas medidas de atención á diversidade, planificación de actividades complementarias, etc.

As reflexións e acordos acadados recolleranse na Memoria de fin curso do departamento.

# PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE *MÚSICA* EN 4º ESO

## a) Introducción e contextualización

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de *Música* contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades cooperativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a

historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha ponte entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito cooperativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para a contorna social.

## **b.1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

**a) Comunicación lingüística (CCL):** a materia de *Música* axuda ao alumnado a desenvolver a súa competencia como axentes comunicativos mediante a aprendizaxe doutro sistema de signos: a linguaxe musical. A partir da adquisición da lecto-escritura musical, o alumnado será quen de comprender e expresarse a través deste complexo e á vez universal sistema de comunicación. Por outra banda, o alumnado traballará no desenvolvemento da súa sensibilidade artística como consumidor de distintos estilos de música, e aprenderá a emitir, empregando un vocabulario musical axeitado, xuízos fundados de valoración sobre distintos fenómenos musicais, desenvolvendo así outra das dimensións da comunicación lingüística.

**b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** a música contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra banda, o alumnado achegarase ao mundo da tecnoloxía musical en distintas vertentes: sistemas de gravación e reprodución do son, formatos de audio, sistema de comunicación MIDI, instrumentos electrónicos, elementos de hardware e software musical, etc, así como a certas correntes de composición de música contemporánea que empregan a electrónica e a matemática nas súas composicións.

**c) Competencia dixital (CD):** a música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital (CD). O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer. A obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información, tanto textual como musical: búsqueda e selección de contidos, opcións de almacenamento, etc.

**d) Aprender a aprender (CAA):** a música pode ser clave para o desenvolvemento desta competencia, debido á súa progresividade e ao seu carácter artístico e multidisciplinar: traballarase a planificación e xestión das tarefas, así como a análise dos resultados, e tamén, de xeito moi relevante, a motivación para abordar as tarefas (especialmente as de práctica musical) e o control de emocións para poder desenvolverlas axeitada e satisfactoriamente; por último, en relación coa

competencia cultural e artística, o alumnado aprenderá a respectar, valorar e desfrutar a música de distintos estilos, épocas e culturas a través do seu coñecemento.

**e) Competencias sociais e cívicas (CSC):** a participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento ofrece a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas dos outros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado. A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

**f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** as materias do Departamento de Música contribúen ao desenvolvemento desta competencia mediante o traballo cooperativo e a planificación e xestión de proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

**g) Conciencia e expresións culturais (CCEC):** a materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais a través de experiencias perceptivas, expresivas e de coñecemento das músicas de diferentes culturas, épocas e estilos, sendo no 4º curso especialmente abordadas as músicas funcionais (cine, teatro, radio, televisión, publicidade) e a música popular urbana. Pode potenciar así actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico nos que se inscribe cada obra.

## **b.2) Estándares de aprendizaxe avaliáveis.**

Para a concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais, ver **ANEXO IV**.

### **Bloque 1: Interpretación e creación**

- MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.

- MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.
- MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.
- MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.
- MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.
- MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.
- MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.

## **Bloque 2: escoita**

- MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
- MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.
- MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
- MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
- MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.
- MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.
- MUB2.4.3. Aмосa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.
- MUB2.5.1. Aмосa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.
- MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.

## **Bloque 3: Contextos musicais e culturais**

- MUB3.1.1. Aмосa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.
- MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.
- MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.

- MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.
- MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.
- MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.
- MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.

#### **Bloque 4: Música e tecnoloxías**

- MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
- MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.
- MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.
- MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.
- MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
- MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.
- MUB4.5.1. Aмосa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.
- MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.
- MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.

#### **c.1) Obxectivos para o curso.**

1. Integrar a música na súa vida persoal, respectando e valorando as músicas de distintos xéneros, culturas e épocas e recoñecendo a importancia do estudo e da práctica musical para o seu propio desenvolvemento persoal.
2. Coñecer e empregar axeitadamente os conceptos básicos dunha obra musical e da súa representación gráfica: melodía, ritmo, harmonía, textura, forma, xénero, instrumentación, notas, figuras, compases, claves, alteracións, matices dinámicos, indicadores de tempo, etc.).

3. Identificar e nomear os conceptos básicos dunha obra musical e da súa representación gráfica en audición, lectura e análise de partituras ou visualmente (imaxes ou vídeos).
4. Ler partituras musicais en notación convencional dunha dificultade axeitada ao nivel do curso (e do alumnado).
5. Interpretar pezas musicais sinxelas, exercicios e acompañamentos coa frauta doce, coa voz e cos instrumentos da aula (percusión), desenvolvendo as habilidades e técnicas interpretativas requiridas.
6. Participar noutros exercicios de práctica musical que se realicen na aula, respectando as pautas básicas do traballo en grupo, mostrando interese pola súa realización e valorando o traballo propio e o dos compañeiros: exercicios rítmicos, danzas, percusión corporal, creación musical, elaboración de arranxos ou acompañamentos, etc.
7. Coñecer a incidencia das novas tecnoloxías na creación, interpretación, difusión e consumo da música.
8. Coñecer e respectar as distintas profesións relacionadas co mundo da música.
9. Coñecer o desenvolvemento no século XX dos dispositivos de grabación e reprodución de son, así como o dos instrumentos musicais electrónos e a música electrónica.
10. Elaborar comentarios críticos fundamentados, empregando unha linguaxe técnica axeitada, sobre diversos feitos musicais ou sobre personalidades do mundo da música.
11. Valorar as funcións e usos da música nos medios de comunicación e na publicidade.
12. Coñecer a evolución da música teatral e cinematográfica desde as súas orixes ata os nosos días.
13. Coñecer a orixe e evolución das principais variedades da música afroamericana (espirituais, ragtime, blues, jazz, gospel), identificando en cada unha delas os principais rasgos estilísticos.
14. Situar no seu contexto xeográfico e social e identificar as principais características estilísticas dos diferentes estilos da música popular urbá do século XX.
15. Coñecer e respectar as distintas manifestación musicais de diversas culturas: música traaditional galega e española, e músicas do mundo.
16. Empregar de forma autónoma diversas fontes de información –medios audiovisuais, textos, Internet, partituras e outros recursos gráficos- como medio de ampliar os seus coñecementos musicais, desenvolvendo as destrezas relacionadas coa búsqueda e tratamento da información e coa presentación da mesma de forma ordeada.
17. Participar nas actividades musicais que se realicen dentro e fóra do centro, manifestando unha actitude aberta e cooperativa ante as propostas e expresando as súas opinións.

## **c.2) Contidos para o curso.**

### **Unidade 1. Vivir a música hoxe: tecnoloxía, industria e consumo**

- 1) Evolución dos sistemas de gravación e reprodución do son. Soportes de gravación e tipos de arquivos de audio.
- 2) Instrumentos electrónicos e sistema de comunicación MIDI-
- 3) Informática musical.
- 4) A industria da música: profesións, actividades, consumo, vellas e novas estratexias.
- 5) A crítica musical.

## Unidade 2. A música en relación con outras artes: o teatro e o cine

- 1) Historia da relación entre a música e o teatro. Xéneros de música escénica.
- 2) Os musicais.
- 3) A música no cine: funcións, especificacións técnicas (concepto de *banda sonora*, música diexética, música incidental, música prestada ou orixinal, música converxente ou diverxente, planos sonoros, etc.), proceso elaboración, gravación e montaxe dunha banda sonora.
- 4) Evolución da música cinematográfica: estilos, épocas, compositores e películas.
- 5) Análise dunha banda sonora

## Unidade 3. A música nos medios de comunicación

- 1) A música na radio: funcións, radio musical.
- 2) A música na televisión: funcións, sintonías.
- 3) A música nos debuxos animados: funcións, sintonías, (ver Unidade 2.2 Os musicais).
- 4) A música na publicidade: funcións, tipos de música, jingles.
- 5) A música nos videoxogos.

## Unidade 4. A música popular urbana (I): o jazz

- 1) Primeiras manifestacións musicais afroamericanas: worksongs e espirituais.
- 2) Precusores do jazz: o blues e o ragtime.
- 3) Evolución do jazz: o jazz de Nova Orleáns ou Dixieland, o estilo Chicago, o swing, o bebop, o cool jazz, o free jazz e o jazz fusión.
- 4) Formacións instrumentais, artistas, temas.

## Unidade 5. A música popular urbana (II): estilos desde os anos 50 ata a actualidade

- 1) Anos '50: o rock and roll. Finais dos '50: música highschool, surf, doo-wop, etc.
- 2) Anos '60: a *invasión británica* (pop/beat, rhythm and blues británico, mod), a música negra da Tamla-Motown e o soul, o folk e a canción protesta, o rock duro, sinfónico e progresivo, a psicodelia, o folk-rock, o blues eléctrico.
- 3) Anos 70: a música disco, o heavy, o reagge, o glam, o punk, o funk, a música electrónica, o rock mainstream...
- 4) Anos 80: o pop mainstream, o synth-pop, o electro-funk, o rap, o rock comercial, a new wave.
- 5) Anos 90 ata a actualidade: pop, rock, grunge, electrónica, indie, neo-soul, reaggetón, etc.

## Unidade 6. Músicas tradicionais

- 1) Etnomusicoloxía: historia e terminoloxía (música popular, tradicional, folclórica, étnica...).
- 2) A música tradicional galega.
- 3) Músicas tradicionais en España.



4) Músicas do mundo.

## **Unidade 7. Práctica musical**

- 1) Lectura musical.
- 2) Práctica instrumental (frauta, instrumentos Orff) e vocal.
- 3) Danza e/ou percusión corporal.
- 4) Composición, arranxo e/ou ditado musical.
- 5) Tecnoloxía musical.

**d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO IV).**

### **d.1) Temporalización dos estándares de aprendizaxe**

En liñas xerais, seguirase a seguinte secuenciación e temporalización dos contidos:

-1ª avaliación: unidades 1 e puntos 1-3 da unidade 2, e exercicios a elección da unidade 7.

-2ª avaliación: unidades 2 (puntos 4 e 5), 3 e 4, e exercicios a elección da unidade 7.

-3ª avaliación: unidades 5 e 6 e 7 e exercicios a elección da unidade 7.

### **d.2) Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Determinados estándares de aprendizaxe, considerados contidos mínimos da materia, deberán de ter un alto grao de consecución (75%-100%) para superar a materia, como a lectura de notas e figuras, a realización de ritmos básicos ou os rudimentos elementais na práctica coa frauta doce.

Outros estándares de aprendizaxe non precisarán tan alto grao de consecución, sendo suficiente co 50% ou inferior incluso se se trata de contidos de ampliación.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe avaliable está exposto no **ANEXO IV**. Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá adaptar, ao longo do curso, o grao mínimo de consecución de cada estándar en función das características do alumnado, especialmente nos casos de alumnos/as con necesidades especiais de apoio educativo.

### **d.3) Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Tendo en conta a particularidade da materia de Música, que se traballa dun xeito global, un mesmo procedemento pode avaliar distintos estándares de aprendizaxe, especialmente nos traballos de práctica musical.

En liñas xerais, poderán empregarse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

**1. Exames escritos** con preguntas teóricas, exercicios teórico-prácticos, análise e comentario de

audicións identificación de imaxes de instrumentos, etc. **(PE)**

**2. Exercicios de práctica musical:** lectura, interpretación mediante lectura ou imitación, ditado, creación musical, interpretación vocal, de movemento ou instrumental coa frauta ou con outros instrumentos da aula (percusión). **(PM)**

**3. Realización de tarefas na casa** (reforzo, ampliación, traballos de investigación e exposición na aula, exercicios de tecnoloxía musical...). **(T)**

**4. Revisión do caderno** do/a alumno/a: tarefas realizadas e correctas ou corrixidas, limpeza, etc. e **control do material** do alumnado. **(C/M)**

**5. Observación diaria do traballo na aula**, incluíndo a súa **actitude** cara a materia, a súa vontade de traballo e esforzo, a **responsabilidade** no cumprimento das súa tarefas, o seu **respecto** ao profesor e aos compañeiros e a achega e o coidado do **material**. **(Obs.)**.

## **e) Concrecións metodolóxicas da materia**

A metodoloxía a aplicar na área de música e eminentemente activa, partindo dos coñecementos dos alumnos para chegar o descubrimento de novos conceptos. En primeiro lugar plantéxase o tema que se vai traballar, seguido das actividades de experimentación, ca posterior reflexión e conclusións, que os alumnos anotarán no seu caderno de traballo. Utilízase tamén a imitación como forma de aprender cancións, pezas instrumentais e danzas; nos dous primeiros casos contarase, ademais, co apoio da lectura musical.

É moi importante conseguir dentro da aula uns hábitos de traballo baseados no silencio e no respecto ás normas. Esta é unha materia que combina constantemente exercicios individuais e en grupo. Para estes últimos fai falla moita orde para comezar todos ao mesmo tempo, rematar xuntos, manter o mesmo pulso,... Polo tanto, dende o principio de curso traballaranse este tipo de actitudes que favorecerán o posterior goce e motivación polas actividades grupais (danzas, instrumentacións, frauta doce,...).

No traballo dos aspectos teóricos e teórico-prácticos da materia, o alumnado realizará tarefas de aprendizaxe por descubrimento e de consolidación de aprendizaxe. Estas tarefas realizaranse principalmente na aula (nalgún caso o alumnado deberá rematar as tarefas non finalizadas na clase na súa casa, ou poderá ter que facer outras de reforzo ou ampliación). A metodoloxía incluírá lectura ou toma de apuntes sobre a materia, traballo na aula virtual ou blogues específicos da materia, exercicios escritos, audicións, lectura de partituras, práctica vocal, instrumental ou de movemento, busca de información, visionado de vídeos, etc. Para os exercicios de práctica musical enténdese que o alumnado deberá reforzar en casa o traballado en clase, se lle é preciso, para acadar unha boa realización dos exercicios.

## **f) Materiais e recursos didácticos**

1. Non hai libro de texto. A profesora preparará uns apuntamentos para cada Unidade didáctica que deixará en Conserxería para que os alumnos os recollan (deben de asumir eles o custo das fotocopias).

2. Apuntes tomados en clase.

3. Partituras entregadas pola profesora.

5. Contornas virtuais: blogues, aula virtual, youtube, etc.

6. CDs, DVDs.

7. Frauta doce, piano, guitarra, instrumentos Orff, pequena percusión.

**Os alumnos deben aportar:**

1. As fotocopias cos apuntamentos para cada Unidade didáctica.

2. Arquivador con folios para toma de apuntes, realización de exercicios e conservación dos materiais entregados pola profesora.

3. Caderno pentagramado (ou papel pentagramado arquivado co resto de material).

4. Frauta doce.

Todo o material debe de estar debidamente marcado cos datos do/a alumno/a e en bo estado.

## **g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

Os criterios de avaliación para cada unidade están expostos no **ANEXO IV**.

En cada avaliación o/a alumno/a deberá obter, para acadar unha avaliación positiva, unha media de 5 puntos (5/10) realizada a partir dos distintos procedementos e instrumentos de avaliación empregados ao longo da mesma, tendo en conta as seguintes puntualizacións:

a) As porcentaxes de cualificación na nota de cada avaliación serán:

- 50%: exames escritos (PE)

- 30%: exercicios de práctica musical (PM)

- 20%: realización de tarefas na casa (T), revisión do caderno do/a alumno/a e control do material do alumnado. (C/M) e observación diaria do traballo na aula, incluíndo a súa actitude e a achega e o coidado do material (Obs.).

b) Para que o media das partes teña como resultado o aprobado, o/a alumno/a deberá obter:

- unha nota mínima de 4 nos exames escritos (PE)

- unha nota mínima de 3 nas probas de práctica musical (PM)

- do mesmo xeito, o alumno non poderá ter faltas reiteradas de material, que supoñan o 50% ou máis das sesións, ou reiteración de faltas de orde ou de tarefas, e deberá presentar o caderno para a súa revisión cando o profesor llo requira e este deberá estar ao día. (C/M, Obs., T).

c) Outros criterios de avaliación e cualificación:

- Se un alumno/a ten faltas reiteradas de material, que supoñan o 50% ou máis das sesións, ou reiteración de faltas de orde, suspenderá a avaliación en curso e poderá suspender a materia en xuño (ver seguintes aclaracións).

- Un alumno ou alumna que non traia o seu material a un exame de práctica (fruta propia, partitura propia sen as notas escritas, etc.) non pode examinarse, polo que a súa cualificación nesa proba é de 0. O/A profesor/a poderá decidir realizarlle unha recuperación, pero a nota da mesma levará unha penalización de 2 puntos.

- Se un alumno ou alumna non realiza unha proba práctica no día sinalado por non tela traballado suficientemente, a súa cualificación é de 0. O/A profesor/a poderá repetirlle a proba, se así o decide, nas mesmas condicións expostas no punto anterior.
- Se un alumno ou alumna suspende un exame práctico, a profesora decidirá se lle fai unha recuperación. Neste caso, a nota da recuperación contará o 80% da nota final da proba práctica, e a nota do 1º exame contará un 20%.
- O/A profesor/a decidirá a realización ou non de probas de recuperación das tarefas e traballos para os alumnos que non as aproben, en condicións similares ás anteriormente expostas para as probas prácticas.
- Os profesores decidirán a realización ou non de probas de recuperación para os alumnos que non aproben as probas parciais (PE) da materia. De calquera xeito, os alumnos que non teñan todas as PE superadas a fin de curso, poderán realizar un exame escrito global de toda a materia do curso. Igualmente, as PM deberán estar superadas ou suspensas con cualificación superior á nota mínima de promedio para poder aprobar o curso.

d) O alumnado que non supere a materia de Música en xuño examínase na convocatoria extraordinaria de setembro, na que realizará un exame escrito (PE). Este exame deberá estar aprobado (nota igual ou superior a 5) para que o alumnado poida superar a materia (agás especificación en NOTA). Os contidos da proba de setembro abranguerán a totalidade da materia do curso. Como se trata dunha convocatoria extraordinaria, a avaliación do alumnado basearase exclusivamente nos resultados do alumnado nas probas realizadas en setembro, en convocatoria única.

NOTA: Como en setembro non fará proba práctica, o alumnado que teña as PM aprobadas en xuño contará con 1 punto a sumar á nota do exame de setembro. Deste xeito, este alumnado poderá superar a materia en setembro se obtén na proba escrita unha nota igual ou superior a 4.

## **h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

O proceso de ensino e a práctica docente consideraranse satisfactorios se a porcentaxe total de alumnos/as aprobados supera o 50% do total.

## **i) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Nas primeiras sesións do curso, o profesorado realizará ao alumnado unhas probas de avaliación inicial consistentes en:

- 1) **Unha proba escrita** sobre contidos básicos da materia (notas, figuras, compases, algún termo de dinámica e de tempo, clasificación dos instrumentos musicais, etc.) para comprobar o nivel de coñecementos teóricos que acadaron e conservan de 2º e 3º ESO.
- 2) **Probas prácticas** consistentes en: imitar ritmos básicos con palmas ou claves, ler unha partitura musical sinxela, tocar exercicios básicos na frauta doce e en instrumentos Orff.

En base aos resultados, o profesorado adaptará a programación ás características xerais de cada grupo (que, por cuestións organizativas, presentan moitas diferenzas entre eles). Igualmente, o

profesorado empregará estas probas para detectar casos de ANEAE ou de altas capacidades e falará con Orientación educativa para examinar o expediente destes alumnos e deseñar as medidas de reforzo ou ampliación oportunas.

## **j) Medidas de atención á diversidade**

No ensino coexisten ritmos de aprendizaxe e necesidades diferentes entre o alumnado, polo que debemos de dar resposta a esta diversidade. Na medida que as condicións de traballo o permitan, intentarase axudar especialmente a aqueles que máis o necesiten, sen descoidaren aos demais. Non é doado; se cadra requiriría a presenza de dous profesionais naquelas aulas onde exista unha maior “diversidade”. Reforzaranse e seguiranse de preto, os distintos casos, a través de medidas como: revisión de tarefas mesa por mesa, atención individualizada (tanto maior canta menor cantidade de alumnado integre a aula), reforzo educativo, ou calquera outra medida que se considere positiva para a boa marcha do curso.

O alumnado que presente necesidades especiais de apoio educativo, especialmente se están avaladas por un diagnóstico médico e notificadas ao departamento de Orientación educativa (alumnado con minusvalías recoñecidas, trastornos neurolóxicos, TDAH, TEA, TXD, etc.), ou ben se proceden doutro sistema educativo no que non estea reglado o ensino da música na educación pública, serán obxecto de medidas de **reforzo** educativo, e poderán realizárselles adaptacións na metodoloxía didáctica, nas probas tanto escritas como prácticas, e nos contidos mínimos esixibles para superar a materia se así o considera o departamento. Igualmente, baixo o coñecemento do Departamento de Orientación e do/a titor/a e en colaboración con eles, aplicarase, se é conveniente, o **protocolo de atención ao alumnado con TDAH**.

O alumnado que presente altas capacidades para a música ou que curse estudos musicais poderá realizar exercicios teórico-prácticos de **ampliación** da materia, así como probas musicais máis complexas, adaptadas ás súas capacidades, sempre que a organización da práctica docente na aula así o permita.

## **k) Elementos transversais que se traballarán**

**a) Educación medio-ambiental:** trátase de fomentar no alumnado unha actitude de sensibilización para a conservación do medio natural.

- Análise das consecuencias negativas do abuso sonoro: contaminación acústica.

**b) Educación viaria:** o obxectivo é mentalizar aos alumnos e axudalos a desenvolver hábitos responsables de circulación e seguridade viaria como peóns e usuarios de vehículos, evitando as distraccións e respectando as normas establecidas

- Responsabilidade no uso de auriculares, prestando unha maior atención ao tráfico.

**c) Educación para a paz e a tolerancia:** debemos de fomentar actitudes básicas para a convivencia pacífica e o respecto aos demais.

- A atención aos demais nas prácticas de conxunto implica ter en conta aos outros, respectándoos, e interactuar colectivamente en algo creativo.

- O coñecemento da música doutras culturas e doutras épocas serve de achegamento e comprensión doutras sociedades, ao tempo que revaloriza o patrimonio propio.

**d) Educación para a igualdade entre os sexos:** parte da necesidade de corrixir as diferenzas discriminatorias por razón de sexo ás que aínda asistimos na actualidade. Toda actividade musical en grupo parte do principio de integración, de repartición de traballo e respecto mutuo. Por outra banda, a música é vehículo habitual de denuncia dos abusos sexistas contra as mulleres.

- Realización de bailes en grupo e por parellas mixtas ou con cambio de parella.
- Práctica vocal a voces mixtas.
- Calquera outro tipo de traballo creativo no que interveñan alumnos e alumnas.
- Audición e reflexión sobre a mensaxe de cancións que tratan a temática do sexismo.

**e) Educación para a saúde:** xa que a práctica musical se realiza corporalmente, trátase de apreciar e coñecer o propio corpo, partindo dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental.

- A través do movemento: mellorar a relaxación do corpo e ton muscular.
- Coa práctica vocal e instrumental: mellorar hábitos posturais e aprender pautas básicas para o coidado da voz, para realizar unha boa respiración e mellorar a emisión vocal. Os exercicios respiratorios dan pé á reflexión sobre o tabaquismo e a súa incidencia negativa sobre a saúde.
- A partir do comentario sobre distintas personalidades do mundo da música moderna: prevención do consumo de drogas e alcohol.

**f) Educación do consumidor:** o consumo de música é algo moi habitual na adolescencia, polo que debemos fomentar no alumnado un consumo responsable e capacidade crítica.

- Audición, análise e reflexión sobre pezas de distintos estilos para desenvolver o sentido crítico.
- Investigación e reflexión sobre o papel da música en distintos ámbitos: comunicativo, publicitario, artístico, etc.

**g) Educación para o ocio:** faise necesario inculcar no alumnado o sentido crítico do ocio e informalos de actividades lúdico-musicais extra-escolares.

- Difusión de diferentes ofertas en relación á música, á danza ou ao teatro.

**h) Educación moral e cívica:** moitos aspectos da moral e o civismo están tratados nos temas transversais anteriores, pero debemos facer fincapé neles, xa que unha das finalidades do ensino é educar para a convivencia no pluralismo, tendo en conta, ademais, que a música sempre estivo e está en relación coa sociedade.

- Fomento de actitudes de respecto cara aos demais.
- Aceptación das normas que rexen as actividades colectivas.
- Debates sobre os distintos estilos musicais respectando os gustos do resto.

**i) Educación sexual:** este contido merece especial atención na formación integral da persoa. Os alumnos de secundaria teñen unha idade na que é preciso consolidar actitudes básicas e estar ben informado.

- Muda da voz: causas e consecuencias.
- Análise de letras que tratan a temática do sexismo: análise, comentario crítico e reflexión.

## **l) Actividades complementarias e extraescolares.**

- Asistencia a un ensaio da OSG: o Departamento de Música solicitou a asistencia a varios ensaios xerais abertos da Orquestra Sinfónica de Galicia, dentro das actividades do programa Son

Futuro, incluído na oferta educativa do Concello de A Coruña, co propósito de que todo o alumnado dalgunha das materias do departamento poda asistir a un concerto.

- Concerto de Nadal: pídesse ao alumnado con estudos musicais que participe no Concerto de Nadal que se celebrará no centro a finais da 1ª avaliación, en horario lectivo.

- Por outra banda, procurarase que o alumnado de *Música* participe nas actividades que se organicen no centro e que teñan unha presenza ou carácter musical. Do mesmo xeito, o departamento resérvase o dereito de planificar novas actividades complementarias ou extraescolares ao longo do curso, se xurde nalgún momento unha oferta de interese para o alumnado.

### **m) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.**

Cada profesor do Departamento avaliará o proceso de ensino e a práctica docente en función aos indicadores de logro mencionados no apartado h. Á vista dos resultados, revisarase a programación para efectuar as modificacións pertinentes de cara ao próximo curso académico, como poden ser: reelaboración das unidades didácticas, selección dun libro de texto (cando a normativa ao respecto así o permita), deseño de novas actividades de aula, cambios na secuenciación ou temporalización dos contidos, redefinición dos criterios de avaliación e cualificación, deseño de novas medidas de atención á diversidade, planificación de actividades complementarias, etc.

As reflexións e acordos acadados recolleranse na Memoria de fin curso do departamento.

# MÚSICA NO BACHARELATO

## OBXECTIVOS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.



# PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE *LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL* EN 1º BACHARELATO

## a) **Introdución e contextualización**

A materia de *Linguaxe e Práctica Musical* concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na etapa educativa anterior, que lle permite ampliar, desenvolver e aplicar, con autonomía e en contextos diversos, os coñecementos e as capacidades que contribúen á adquisición dunha cultura musical sólida.

Considerando que a música ten como finalidade primordial a comunicación, é necesario que o alumnado conte coas ferramentas necesarias que lle axuden a comprender e a participar do feito musical. Neste sentido, débese favorecer que o alumnado se implique activamente no proceso artístico musical.

A expresión e a linguaxe musical son os dous ámbitos do coñecemento musical en torno aos que se organiza esta materia; está estruturada en cinco bloques ("Destrezas musicais", "A audición comprensiva", "A teoría musical", "A creación e a interpretación" e "As tecnoloxías aplicadas ao son"), que se deben presentar nas actividades de ensino e aprendizaxe relacionados entre si, xa que estes ámbitos se complementan e interactúan; refórzanse e desenvólvense mutuamente.

A comprensión dos elementos morfolóxicos e sintácticos da linguaxe musical contribúe a perfeccionar a capacidade de expresarse a través da interpretación e a creación do feito musical concreto, completándose así o proceso de adquisición dunha linguaxe. A súa aprendizaxe como instrumento de comunicación debe basearse, tamén, na audición comprensiva, na memoria musical, na práctica vocal, instrumental e rítmica, e na lectoescritura musical como recurso útil para fixar os conceptos lingüísticos.

A expresión musical refírese á creación e a interpretación de pezas vocais e instrumentais. A interpretación achega o alumnado a un repertorio musical amplo e variado, posibilita a adquisición de capacidades e destrezas técnicas e interpretativas, e favorece a sensibilidade auditiva e a memoria musical. A interpretación instrumental e vocal, nunha educación musical na que a práctica é o centro da acción pedagóxica, é tamén un procedemento esencial para aprender os contidos da linguaxe musical e reforzar os coñecementos adquiridos; a experiencia, que é previa á abstracción conceptual. A creación musical explora os elementos propios da linguaxe musical, experimenta cos sons e combínaos a través da improvisación, dos arranxos e da composición.

Todo isto poténciase coas tecnoloxías da información, da comunicación e da creación artística, que, postas á disposición da música, constitúen un recurso importante para indagar, obter información e comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e de todas as culturas.

A materia de *Linguaxe e Práctica Musical* debe estar orientada a espertar o interese do alumnado por participar de forma activa, informada e lúdica como oínte, intérprete ou compositor/a, tanto na súa vida educativa como na súa vida privada. O ensino da materia debe partir dos coñecementos previos, dos gustos e dos costumes musicais do alumnado, e abordarse desde a práctica musical activa e participativa, vinculada á reflexión sobre o realizado. Estes principios, orientados ao desenvolvemento das capacidades perceptivas e expresivas e á comprensión do feito musical, servirán de base para consolidar aprendizaxes que transcendan o contexto en que se produciron.

A materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico. Tal e como demostran numerosos estudos publicados, a

práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música favorece a adquisición das competencias clave, procura un ensino integral e axuda na maduración do alumnado, ademais de favorecer o espírito de motivación e superación persoal.

As disciplinas musicais non só desenvolven a creatividade, a sensibilidade artística e o criterio estético; tamén axudan o alumnado, da mesma forma que o resto de materias desta etapa, a adquirir os coñecementos e habilidades para construír a súa personalidade, a traballar en equipo, desenvolver o pensamento crítico e a converterse en cidadáns e cidadás que actúen de xeito responsable e autónomo. En definitiva, a actividade musical, nas súas diversas facetas, favorece as capacidades sociais e expresivas dos alumnos e das alumnas.

## **b.1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

**a) Comunicación lingüística (CCL):** a materia de *Linguaxe e práctica musical* axuda ao alumnado a desenvolver a súa competencia como axentes comunicativos mediante a consolidación doutro sistema de signos: a linguaxe musical. A partir do afondamento na lecto-escritura musical, o alumnado será quen de comprender e expresarse a través deste complexo e á vez universal sistema de comunicación. Por outra banda, o alumnado traballará no desenvolvemento da súa sensibilidade artística como consumidor de distintos estilos de música, e aprenderá a emitir, empregando un vocabulario musical axeitado, xuízos fundados de valoración sobre distintos fenómenos musicais, desenvolvendo así outra das dimensións da comunicación lingüística.

**b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** a música contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas, as relacións interválicas entre as notas, a matemática que subxace na psicofísica da audición en canto ás consonancias e as disonancias, a serie harmónica, etc. Por outra banda, o alumnado achegarase ao mundo da tecnoloxía musical en distintas vertentes: sistemas de gravación e reprodución do son, formatos de audio, sistema de comunicación MIDI, instrumentos electrónicos, elementos de hardware e software musical, etc.

**c) Competencia dixital (CD):** a música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital (CD). O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer. A obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información, tanto textual como musical: búsqueda e selección de contidos, opcións de almacenamento, etc.

**d) Aprender a aprender (CAA):** a música pode ser clave para o desenvolvemento desta competencia, debido á súa progresividade e ao seu carácter artístico e multidisciplinar: traballárase a planificación e xestión das tarefas, así como a análise dos resultados, e tamén, de xeito moi relevante, a motivación para abordar as tarefas (especialmente as de práctica musical) e o control de

emocións para poder desenvolvelas axeitada e satisfactoriamente; por último, en relación coa competencia cultural e artística, o alumnado aprenderá a respectar, valorar e desfrutar a música de distintos estilos, épocas e culturas a través do seu coñecemento.

**e) Competencias sociais e cívicas (CSC):** a participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento ofrece a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas dos outros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado. A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

**f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** as materias do Departamento de Música contribúen ao desenvolvemento desta competencia mediante o traballo cooperativo e a planificación e xestión de proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

**g) Conciencia e expresións culturais (CCEC):** a materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais a través de experiencias perceptivas, expresivas e de coñecemento das músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico nos que se inscribe cada obra.

## **b.2) Estándares de aprendizaxe avaliáveis.**

Para a concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais, ver **ANEXO V**.

### **Bloque 1: Destrezas musicais**

- |  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ LPMB1.1. 1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador.</li></ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.</li></ul> |

- LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.
- LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.
- LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.
- LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.
- LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.

## **Bloque 2: A audición comprensiva**

- LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.
- LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.
- LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.
- LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura.
- LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.
- LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.
- LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.
- LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.
- LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.
- LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura.
- LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.
- LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía

axeitada.

### **Bloque 3: A teoría musical**

- LPMB.3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.
- LPMB.3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.
- LPMB.3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.
- LPM3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.
- LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.

### **Bloque 4: A creación e a interpretación**

- LPMB.4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvísas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.
- LPMB.4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical.
- LPMB.4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.
- LPMB.4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.
- LPMB.4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.
- LPMB.4.3.4. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.
- LPMB.4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.
- LPMB.4.4.1. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos.
- LPMB.4.4.2. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.
- LPMB.4.5.1. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.
- LPMB.4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.

### **Bloque 5: As tecnoloxías aplicadas ao son**

- LPMB.5.1.1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.
- LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.

### **c.1) Obxectivos para o curso.**

1. Integrar a música na súa vida persoal, respectando e valorando as músicas de distintos xéneros, culturas e épocas e recoñecendo a importancia do estudo e da práctica musical para o seu propio desenvolvemento persoal.
2. Coñecer e empregar axeitadamente os conceptos básicos dunha obra musical e da súa representación gráfica, afondando no aprendido na ESO e aprendendo novos conceptos e signos: melodía, ritmo, harmonía, textura, forma, xénero, instrumentación, notas, figuras, compases, claves, alteracións, matices dinámicos, indicadores de tempo, etc.).
3. Identificar e nomear os conceptos básicos dunha obra musical e da súa representación gráfica en audición, lectura e análise de partituras ou visualmente (imaxes ou vídeos).
4. Ler partituras musicais en notación convencional dunha dificultade axeitada ao nivel do curso (e do alumnado).
5. Interpretar pezas musicais, exercicios e acompañamentos coa fruta doce, coa voz e cos instrumentos da aula (percusión), desenvolvendo as habilidades e técnicas interpretativas requeridas.
6. Participar noutros exercicios de práctica musical que se realicen na aula, respectando as pautas básicas do traballo en grupo, mostrando interese pola súa realización e valorando o traballo propio e o dos compañeiros: exercicios rítmicos, danzas, percusión corporal, creación musical, elaboración de arranxos ou acompañamentos, etc.
7. Coñecer a incidencia das novas tecnoloxías na creación, interpretación, difusión e consumo da música.
8. Elaborar comentarios críticos fundamentados, empregando unha linguaxe técnica axeitada, sobre diversos feitos musicais.
9. Valorar as funcións e usos da música en relación con outras manifestacións artísticas (danza, teatro, cine), e nos medios de comunicación e na publicidade.
10. Identificar as principais características estilísticas dos diferentes estilos da música popular urbana do século XX, dende os precursores do jazz ata a actualidade.
11. Coñecer a evolución e identificar as principais formas de composición da música culta occidental ao longo da historia.
12. Empregar de forma autónoma diversas fontes de información –medios audiovisuais, textos, Internet, partituras e outros recursos gráficos- como medio de ampliar os seus coñecementos musicais, desenvolvendo as destrezas relacionadas coa búsqueda e tratamento da información e coa presentación da mesma de forma ordeada.
13. Participar nas actividades musicais que se realicen dentro e fóra do centro, manifestando unha actitude aberta e cooperativa ante as propostas e expresando as súas opinións.

## c.2) Contidos para o curso.

### Bloque 1. Destrezas musicais

- 1) Utilización da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación
- 2) Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.
- 3) Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpejos ou acordes.
- 4) Interiorización do pulso.
- 5) Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques.
- 6) Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica.
- 7) Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.
- 8) Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras.

### Unidade 2. A audición comprensiva

- 1) Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.
- 2) Percepción, identificación e transcripción de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario.
- 3) Percepción, identificación e transcripción de signos que modifican a duración, síncope, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc.
- 4) Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.
- 5) Percepción, identificación auditiva e transcripción das escalas, funcións tonais-acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal.
- 6) Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas.
- 7) Recoñecemento auditivo e transcripción dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.
- 8) Reprodución vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.
- 9) Identificación de erros ou as diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado.
- 10) Transcripción de esquemas harmónicos das obras escoitadas.

### Unidade 3. A teoría musical

- 1) Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc.
- 2) Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agónica, á articulación musical e ao ataque dos sons.
- 3) Aproximación ás grafías contemporáneas.
- 4) Coñecemento das normas de escritura melódica.
- 5) Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais.
- 6) Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.
- 7) Coñecemento dos principais sistemas de cifraxa harmónica.
- 8) Coñecemento da ornamentación musical.
- 9) Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva.
- 10) Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si.

### Unidade 4. A creación e a interpretación

- 1) Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes.
- 2) Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías.
- 3) Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal.
- 4) Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.
- 5) Achegamento aos procesos compositivos máis habituais.
- 6) Utilización da expresión corporal e o movemento corporal como complemento ao feito musical.
- 7) Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de diferentes ritmos básicos.
- 8) Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.
- 9) Participación na organización e na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas.

### Unidade 5. As tecnoloxías aplicadas ao son

- 1) Fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier.
- 2) Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.
- 3) Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporciós asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón.
- 4) Transmisión e amortecemento do son.
- 5) Sinal analóxico e sinal dixital. Dixitalización do son analóxico.
- 6) Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias e multipistas.
- 7) Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións.
- 8) Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de



acompañamentos e mesas de mesturas.

9) Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias.

10) Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.

11) Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes.

## **d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO V).**

### **d.1) Temporalización dos estándares de aprendizaxe**

Tendo en conta a concepción desta materia como eminentemente teórico-práctica, os contidos irán traballándose ao longo de todo o curso, especialmente no relativo ás unidades 1, 2 e 4.

1ª avaliación: unidades 1, 2 e 4, puntos 1, 2, 4, 5, 6 e 10 da unidade 3, e puntos 1-3 da unidade 5.

2ª avaliación: unidades 1, 2 e 4, puntos 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 10 da unidade 3, e puntos 4-7 da unidade 5.

3ª avaliación: unidades 1, 2 e 4, puntos 1, 2, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 da unidade 3, e puntos 8-11 da unidade 5.

### **d.2) Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Determinados estándares de aprendizaxe, considerados contidos mínimos da materia, deberán de ter un alto grao de consecución (75%-100%) para superar a materia, como a lectura de notas e figuras, a realización de ritmos básicos ou os rudimentos elementais na práctica coa frauta doce.

Outros estándares de aprendizaxe non precisarán tan alto grao de consecución, sendo suficiente co 50% ou inferior incluso se se trata de contidos de ampliación.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe avaliable está exposto no ANEXO V. Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá adaptar, ao longo do curso, o grao mínimo de consecución de cada estándar en función das características do alumnado, especialmente nos casos de alumnos/as con necesidades especiais de apoio educativo.

### **d.3) Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Tendo en conta a particularidade da materia de *Linguaxe e práctica musical*, que se traballa dun xeito global, un mesmo procedemento pode avaliar distintos estándares de aprendizaxe, especialmente nos traballos de práctica musical.

En liñas xerais, poderán empregarse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

1. **Exames escritos** con preguntas teóricas, exercicios teórico-prácticos, análise e comentario de audicións, etc. **(PE)**
2. **Exercicios de práctica musical:** lectura, interpretación mediante lectura ou imitación, ditado, creación musical, interpretación vocal, de movemento ou instrumental coa frauta ou con outros instrumentos da aula (percusión). **(PM)**
3. **Realización de tarefas na casa** (reforzo, ampliación, traballos de investigación e exposición na aula, exercicios de tecnoloxía musical...). **(T)**
4. **Revisión do caderno** do/a alumno/a: tarefas realizadas e correctas ou corrixidas, limpeza, etc. e **control do material** do alumnado. **(C/M)**
5. **Observación diaria do traballo na aula**, incluíndo a súa **actitude** cara a materia, a súa vontade de traballo e esforzo, a **responsabilidade** no cumprimento das súa tarefas, o seu **respecto** ao profesor e aos compañeiros e a achega e o coidado do **material**. **(Obs.)**

## e) Concrecións metodolóxicas da materia

A metodoloxía a aplicar na área de música e eminentemente activa, partindo dos coñecementos dos alumnos para chegar o descubrimento de novos conceptos. En primeiro lugar plantéxase o tema que se vai traballar, seguido das actividades de experimentación, ca posterior reflexión e conclusións, que os alumnos anotarán no seu caderno de traballo. Utilízase tamén a imitación como forma de aprender cancións, pezas instrumentais e danzas; nos dous primeiros casos contarase, ademais, co apoio da lectura musical.

É moi importante conseguir dentro da aula uns hábitos de traballo baseados no silencio e no respecto ás normas. Esta é unha materia que combina constantemente exercicios individuais e en grupo. Para estes últimos fai falla moita orde para comezar todos ao mesmo tempo, rematar xuntos, manter o mesmo pulso,... Polo tanto, dende o principio de curso traballaranse este tipo de actitudes que favorecerán o posterior goce e motivación polas actividades grupais (danzas, instrumentacións, frauta doce,...).

No traballo dos aspectos teóricos e teórico-prácticos da materia, o alumnado realizará tarefas de aprendizaxe por descubrimento e de consolidación de aprendizaxe. Estas tarefas realizaranse principalmente na aula (nalgún caso o alumnado deberá rematar as tarefas non finalizadas na clase na súa casa, ou poderá ter que facer outras de reforzo ou ampliación). A metodoloxía incluírá lectura ou toma de apuntes sobre a materia, traballo na aula virtual ou blogues específicos da materia, exercicios escritos, audicións, lectura de partituras, práctica vocal, instrumental ou de movemento, busca de información, visionado de vídeos, etc. Para os exercicios de práctica musical enténdese que o alumnado deberá reforzar en casa o traballado en clase, se lle é preciso, para acadar unha boa realización dos exercicios.

## f) Materiais e recursos didácticos

1. Non hai libro de texto. Empregaranse para traballar a teoría musical os cadernos Grado 1 e Grado 2 de *La teoría musical en la práctica*, de Eric Taylor, Editorial ABRSM.
2. Apuntes tomados en clase.
3. Partituras entregadas pola profesora.
5. Contornas virtuais: blogues, aula virtual, youtube, etc.

6. CDs, DVDs.

7. Frauta doce, piano, guitarra, instrumentos Orff, pequena percusión.

**Os alumnos deben aportar:**

1. As fotocopias cos apuntamentos para cada Unidade didáctica.

2. Arquivador con folios para toma de apuntes, realización de exercicios e conservación dos materiais entregados pola profesora.

3. Caderno pentagramado (ou papel pentagramado arquivado co resto de material).

4. Frauta doce.

Todo o material debe de estar debidamente marcado cos datos do/a alumno/a e en bo estado.

## **g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

Os criterios de avaliación para cada unidade están expostos no **ANEXO V**.

En cada avaliación o/a alumno/a deberá obter, para acadar unha avaliación positiva, unha media de 5 puntos (5/10) realizada a partir dos distintos procedementos e instrumentos de avaliación empregados ao longo da mesma, tendo en conta as seguintes puntualizacións:

a) As porcentaxes de cualificación na nota de cada avaliación serán:

- 50%: exames escritos (PE)

- 30%: exercicios de práctica musical (PM)

- 20%: realización de tarefas na casa (T), revisión do caderno do/a alumno/a e control do material do alumnado. (C/M) e observación diaria do traballo na aula, incluíndo a súa actitude e a achega e o coidado do material (Obs.).

b) Para que o media das partes teña como resultado o aprobado, o/a alumno/a deberá obter:

- unha nota mínima de 4 nos exames escritos (PE)

- unha nota mínima de 3 nas probas de práctica musical (PM)

- do mesmo xeito, o alumno non poderá ter faltas reiteradas de material, que supoñan o 50% ou máis das sesións, ou reiteración de faltas de orde ou de tarefas, e deberá presentar o caderno para a súa revisión cando o profesor llo requira e este deberá estar ao día. (C/M, Obs., T).

c) Outros criterios de avaliación e cualificación:

- Se un alumno/a ten faltas reiteradas de material, que supoñan o 50% ou máis das sesións, ou reiteración de faltas de orde, suspenderá a avaliación en curso e poderá suspender a materia en xuño (ver seguintes aclaracións).

- Un alumno ou alumna que non traia o seu material a un exame de práctica (frauta propia, partitura propia sen as notas escritas, etc.) non pode examinarse, polo que a súa cualificación nesa proba é de 0. O/A profesor/a poderá decidir realizarlle unha recuperación, pero a nota da mesma levará unha penalización de 2 puntos.

- Se un alumno ou alumna non realiza unha proba práctica no día sinalado por non tela traballado suficientemente, a súa cualificación é de 0. O/A profesor/a poderá repetirlle a proba, se así o decide, nas mesmas condicións expostas no punto anterior.
- Se un alumno ou alumna suspende un exame práctico, a profesora decidirá se lle fai unha recuperación. Neste caso, a nota da recuperación contará o 80% da nota final da proba práctica, e a nota do 1º exame contará un 20%.
- O/A profesor/a decidirá a realización ou non de probas de recuperación das tarefas e traballos para os alumnos que non as aproben, en condicións similares ás anteriormente expostas para as probas prácticas.
- Os profesores decidirán a realización ou non de probas de recuperación para os alumnos que non aproben as probas parciais (PE) da materia. De calquera xeito, os alumnos que non teñan todas as PE superadas a fin de curso, poderán realizar un exame escrito global de toda a materia do curso. Igualmente, as PM deberán estar superadas ou suspensas con cualificación superior á nota mínima de promedio para poder aprobar o curso.

d) O alumnado que non supere a materia de Música en xuño examinarase na convocatoria extraordinaria de setembro, na que realizará un exame escrito (PE). Este exame deberá estar aprobado (nota igual ou superior a 5) para que o alumnado poida superar a materia (agás especificación en NOTA). Os contidos da proba de setembro abranguerán a totalidade da materia do curso. Como se trata dunha convocatoria extraordinaria, a avaliación do alumnado basearase exclusivamente nos resultados do alumnado nas probas realizadas en setembro, en convocatoria única.

NOTA: Como en setembro non fará proba práctica, o alumnado que teña as PM aprobadas en xuño contará con 1 punto a sumar á nota do exame de setembro. Deste xeito, este alumnado poderá superar a materia en setembro se obtén na proba escrita unha nota igual ou superior a 4.

## **h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

O proceso de ensino e a práctica docente consideraranse satisfactorios se a porcentaxe total de alumnos/as aprobados supera o 50% do total.

## **i) Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Informarase aos pais e ás nais do alumnado pendente. A atención ás materias pendentes farase segundo a normativa contida na Orde de 30 de setembro de 2004, DOG do 22 de outubro (modificada en parte pola Orde de 23 de xuño de 2008, DOG do 24 de xuño).

**a) Contidos:** serán os que figuran na programación didáctica do centro. Ésta pódese consultar na xefatura do departamento ou na Xefatura de estudos. Estes contidos pode traballalos polos cadernos Grado 1 e Grado 2 de *La teoría musical en la práctica*, de Eric Taylor, Editorial ABRSM.

**b) Criterios de avaliación:** figuran na programación didáctica que está depositada na Xefatura de estudos.

**c) Actividades de avaliación:** os profesores do departamento fixarán unhas datas, dacordo cos

alumnos con esta materia pendente, para darlles traballo de reforzo, se así o desexan, e resolver todas as dúbidas que teñan e así garantir o seguemento dos mesmos.

**d) Procedementos de avaliación:** segundo a normativa de pendentes, o/a alumno/a terá dereito a dúas probas escritas (maio e setembro). Non obstante, este departamento fará, antes da proba final de maio, outra proba global, en xaneiro, mediante a cal o/a alumno/a pode superar a pendente; de non ser así, deberá presentarse á proba final ou, se é o caso, a extraordinaria de setembro.

Durante todo o curso cada alumno/a terá un profesor de referencia ao que poderá dirixirse para consultar calquera dúbida. O ritmo de traballo e estudo estará marcado en todo momento polo interese do propio alumno/a. A cualificación final do/a alumno/a farase en base á nota do exame, aínda que poderá terse en conta o traballo realizado e o interese mostrado polo alumnado ao longo do curso.

**e) Datas de exames:** as datas das probas anunciaranse oportunamente no taboleiro do Centro.

## **j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Nas primeiras sesións do curso, o profesorado realizará ao alumnado unhas probas de avaliación inicial consistentes en:

1) **Unha proba escrita** sobre contidos básicos da materia (notas, figuras, compases, algún termo de dinámica e de tempo, clasificación dos instrumentos musicais, etc.) para comprobar o nivel de coñecementos teóricos que acadaron e conservan da ESO.

2) **Probas prácticas** consistentes en: imitar ritmos básicos con palmas ou claves, ler unha partitura musical sinxela, tocar exercicios básicos na frauta doce e en instrumentos Orff.

En base aos resultados, o profesorado adaptará a programación ás características xerais de cada grupo (que, por cuestións organizativas, presentan moitas diferenzas entre eles). Igualmente, o profesorado empregará estas probas para detectar casos de ANEAE ou de altas capacidades e falará con Orientación educativa para examinar o expediente destes alumnos e deseñar as medidas de reforzo ou ampliación oportunas.

## **k) Medidas de atención á diversidade**

No ensino coexisten ritmos de aprendizaxe e necesidades diferentes entre o alumnado, polo que debemos de dar resposta a esta diversidade. Na medida que as condicións de traballo o permitan, intentarase axudar especialmente a aqueles que máis o necesiten, sen descoidaren aos demais. Non é doado; se cadra requiriría a presenza de dous profesionais naquelas aulas onde exista unha maior “diversidade”. Reforzaranse e seguiranse de preto, os distintos casos, a través de medidas como: revisión de tarefas mesa por mesa, atención individualizada (tanto maior canta menor cantidade de alumnado integre a aula), reforzo educativo, ou calquera outra medida que se considere positiva para a boa marcha do curso.

O alumnado que presente necesidades especiais de apoio educativo, especialmente se están avaladas por un diagnóstico médico e notificadas ao departamento de Orientación educativa (alumnado con minusvalías recoñecidas, trastornos neurolóxicos, TDAH, TEA, TXD, etc.), ou ben se proceden doutro sistema educativo no que non estea reglado o ensino da música na educación

pública, serán obxecto de medidas de **reforzo** educativo, e poderán realizárselles adaptacións na metodoloxía didáctica, nas probas tanto escritas como prácticas, e nos contidos mínimos esixibles para superar a materia se así o considera o departamento. Igualmente, baixo o coñecemento do Departamento de Orientación e do/a titor/a e en colaboración con eles, aplicarase, se é conveniente, o **protocolo de atención ao alumnado con TDAH**.

O alumnado que presente altas capacidades para a música ou que curse estudos musicais poderá realizar exercicios teórico-prácticos de **ampliación** da materia, así como probas musicais máis complexas, adaptadas ás súas capacidades, sempre que a organización da práctica docente na aula así o permita.

## **I) Elementos transversais que se traballarán**

**a) Educación medio-ambiental:** trátase de fomentar no alumnado unha actitude de sensibilización para a conservación do medio natural.

- Análise das consecuencias negativas do abuso sonoro: contaminación acústica.

**b) Educación viaria:** o obxectivo é mentalizar aos alumnos e axudalos a desenvolver hábitos responsables de circulación e seguridade viaria como peóns e usuarios de vehículos, evitando as distraccións e respectando as normas establecidas

- Responsabilidade no uso de auriculares, prestando unha maior atención ao tráfico.

**c) Educación para a paz e a tolerancia:** debemos de fomentar actitudes básicas para a convivencia pacífica e o respecto aos demais.

- A atención aos demais nas prácticas de conxunto implica ter en conta aos outros, respectándoos, e interactuar colectivamente en algo creativo.

- O coñecemento da música doutras culturas e doutras épocas serve de achegamento e comprensión doutras sociedades, ao tempo que revaloriza o patrimonio propio.

**d) Educación para a igualdade entre os sexos:** parte da necesidade de corrixir as diferenzas discriminatorias por razón de sexo ás que aínda asistimos na actualidade. Toda actividade musical en grupo parte do principio de integración, de repartición de traballo e respecto mutuo. Por outra banda, a música é vehículo habitual de denuncia dos abusos sexistas contra as mulleres.

- Realización de bailes en grupo e por parellas mixtas ou con cambio de parella.

- Práctica vocal a voces mixtas.

- Calquera outro tipo de traballo creativo no que interveñan alumnos e alumnas.

- Audición e reflexión sobre a mensaxe de cancións que tratan a temática do sexismo.

**e) Educación para a saúde:** xa que a práctica musical se realiza corporalmente, trátase de apreciar e coñecer o propio corpo, partindo dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental.

- A través do movemento: mellorar a relaxación do corpo e ton muscular.

- Coa práctica vocal e instrumental: mellorar hábitos posturais e aprender pautas básicas para o coidado da voz, para realizar unha boa respiración e mellorar a emisión vocal. Os exercicios respiratorios dan pé á reflexión sobre o tabaquismo e a súa incidencia negativa sobre a saúde.

- A partir do comentario sobre distintas personalidades do mundo da música moderna: prevención do consumo de drogas e alcohol.

**f) Educación do consumidor:** o consumo de música é algo moi habitual na adolescencia, polo que

debemos fomentar no alumnado un consumo responsable e capacidade crítica.

- Audición, análise e reflexión sobre pezas de distintos estilos para desenvolver o sentido crítico.
- Investigación e reflexión sobre o papel da música en distintos ámbitos: comunicativo, publicitario, artístico, etc.

**g) Educación para o ocio:** faise necesario inculcar no alumnado o sentido crítico do ocio e informalos de actividades lúdico-musicais extra-escolares.

- Difusión de diferentes ofertas en relación á música, á danza ou ao teatro.

**h) Educación moral e cívica:** moitos aspectos da moral e o civismo están tratados nos temas transversais anteriores, pero debemos facer fincapé neles, xa que unha das finalidades do ensino é educar para a convivencia no pluralismo, tendo en conta, ademais, que a música sempre estivo e está en relación coa sociedade.

- Fomento de actitudes de respecto cara aos demais.
- Aceptación das normas que rexen as actividades colectivas.
- Debates sobre os distintos estilos musicais respectando os gustos do resto.

**i) Educación sexual:** este contido merece especial atención na formación integral da persoa. Os alumnos de secundaria teñen unha idade na que é preciso consolidar actitudes básicas e estar ben informado.

- Muda da voz: causas e consecuencias.
- Análise de letras que tratan a temática do sexismo: análise, comentario crítico e reflexión.

## **m) Actividades complementarias e extraescolares.**

- Asistencia a un ensaio da OSG: o Departamento de Música solicitou a asistencia a varios ensaios xerais abertos da Orquestra Sinfónica de Galicia, dentro das actividades do programa Son Futuro, incluído na oferta educativa do Concello de A Coruña, co propósito de que todo o alumnado dalgunha das materias do departamento poda asistir a un concerto.

- Concerto de Nadal: pídesse ao alumnado con estudos musicais que participe no Concerto de Nadal que se celebrará no centro a finais da 1ª avaliación, en horario lectivo.

- Por outra banda, procurárase que o alumnado de *Música* participe nas actividades que se organicen no centro e que teñan unha presenza ou carácter musical. Do mesmo xeito, o departamento resérvase o dereito de planificar novas actividades complementarias ou extraescolares ao longo do curso, se xurde nalgún momento unha oferta de interese para o alumnado.

## **n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.**

Cada profesor do Departamento avaliará o proceso de ensino e a práctica docente en función aos indicadores de logro mencionados no apartado h. Á vista dos resultados, revisarase a programación para efectuar as modificacións pertinentes de cara ao próximo curso académico, como poden ser: reelaboración das unidades didácticas, selección dun libro de texto (cando a normativa ao respecto así o permita), deseño de novas actividades de aula, cambios na

secuenciación ou temporalización dos contidos, redefinición dos criterios de avaliación e cualificación, deseño de novas medidas de atención á diversidade, planificación de actividades complementarias, etc.

As reflexións e acordos acadados recolleranse na Memoria de fin curso do departamento.



# PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE *IMAXE* EN 1º BACHARELATO

## a) Introducción e contextualización

A asignatura de Imaxe e son, ten unha longa tradición no IES Monelos. Foi impartida durante moitos anos polo profesor Luis Vazquez de Sancho, que ata o ano da súa xubilación no curso escolar 2010-11, estivo falando de cine e fotografía a moitas xeracións de estudantes.

Nese momento o departamento de música asume seguir impartíndoa o que supuxo unha continuación ao traballo do profesor anterior. No ano 2015-16 coa implantación da LOMCE cambian os currículos e a distribución horaria; esta asignatura que era impartida na ESO con 2 horas en 3 ESO e 3 horas en 4 ESO, convértese nunha asignatura de Libre Configuración de Centro cunha carga horaria de 1 hora en 1 Bacharelato.

A pesar do limitado do tempo (1 hora semanal) e de ir dirixida alumnos de máis idade (16-17 anos), os obxectivos seguen a ser os mesmos: aprender a mirar e a interpretar o *mirado* nunha sociedade na que o audiovisual está cada vez máis presente. O cine e a fotografía, serán os eixos vertebradores desta asignatura, e serán tratados aspectos técnicos na linguaxe cinematográfica e predominantemente creativos no apartado fotográfico.

A celebración no IES Monelos do concurso de fotografía *Xurxo Lobato*, destinado a alumnado de secundaria de toda Galicia e que xa vai pola XV edición, fai aínda máis pertinente a presenza desta asignatura na oferta do centro.

Nas últimas edicións, o concurso, conta cun apartado no que un alumno do IES Monelos recibe unha beca; ésta consiste na elaboración dun traballo fotográfico-tutelado por Xurxo Lobato-que é presentado ao ano seguinte na nova edición do concurso.

Deste xeito, ofréceselle a un alumno do noso IES, a oportunidade de traballar a carón dun fotógrafo de recoñecido prestixio que ademais é exalumno do centro.

## b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e estándares de aprendizaxe avaliábeis.

Para a concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais, ver ANEXO VI.

## c) Obxectivos e contidos para o curso.

Ver ANEXO VI.

**d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO VI).**

#### **d.1) Grao mínimo de consecución para superar a materia**

A materia será superada sempre e cando señan presentados, alomenos, a metade dos traballos propostos. A porcentaxe de clases ás que deben de asistir é de un 75 %. No caso de faltar máis, deberán colaborar especialmente no desenvolvemento das clases e presentar traballos con unha calidade que compensen ditas ausencias.

#### **d.2) Procedementos e instrumentos de avaliación.**

As clases serán sempre participativas polo que a avaliación se fará en base a:

- Presentación dos traballos propostos a traves da Aula virtual e por medio de presentacións diante dos seus compañeiros.
- Asistencia ás clases con interés e aproveitamento
- Non haberá probas escritas.

**Cuestionarios on line a traves de Moodle.**

#### **d.3) Recuperación da materia na convocatoria extraordinaria de setembro.**

O alumnado que non aprobe na convocatoria de xuño, poderá presentarse á proba extraordinaria de setembro. Para superala, deberá presentar como mínimo a metade dos traballos que non presentou en xuño, e superar un cuestionario referido ás cuestións máis teóricas da materia.

#### **e) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

Os criterios de avaliación para cada unidade están expostos no ANEXO VI.

#### **f) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

O proceso de ensino e a práctica docente consideraranse satisfactorios se a porcentaxe total de alumnos/as aprobados supera o 50% do total.

## **g) Actividades complementarias e extraescolares.**

Asistencia a exposicións, seminarios e outros eventos relacionados coa fotografía. Estas actividades serán obrigatorias e influirán na nota final.

Se o tempo o acompaña e dependendo do transcurso do traballo do grupo, faranse saídas fotográficas co fin de capturar imaxes dunha temática/lugar determinados.

Participación nalgún dos obradoiros de fotografía do Premio da Deputación *Luis Kasado*.

# PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE ANÁLISE MUSICAL I EN 1º BACHARELATO

## a) Introducción e contextualización

Análise Musical permite entender a música en toda a súa dimensión e poder gozar dela en profundidade. Entre as súas finalidades está comprender por que unha obra musical foi composta dun determinado xeito e non doutro, que motivou a quen a compuxo para a levar a cabo e que forma lle deu, tendo en conta as características estilísticas e históricas que a fixeron ser como é.

Os elementos de Análise Musical forman parte da educación musical do alumnado desde os seus inicios, pois a través da escoita e o recoñecemento de pequenos fragmentos se aprende a comprender as estruturas básicas das obras musicais. Desde este punto de vista, no bacharelato corresponde afondar nas características das obras a partir do coñecemento dos elementos e dos procedementos básicos da música, abordando a comprensión da música e da obra en si: coñecer e recoñecer a organización da linguaxe utilizada (elementos e procedementos) e as características sonoras que nos permiten encadrar esa obra nun contexto histórico (harmonía, melodía, ritmo, timbres, cadencias, forma, etc.).

A análise formal debe ser o primeiro achegamento á Análise Musical. A través dela preténdese afondar nas diferentes estruturas que os/as compositores/as utilizaron ao longo da historia e que, en moitos casos, deron orixe ás denominadas formas-tipo ou formas históricas. Un dos aspectos analíticos máis importantes é, precisamente, a comprensión dos elementos que constitúen a forma musical, a súa evolución e o xeito en que foron buscadas ao longo da historia, tratando de que a estrutura das obras favoreza a comunicación co público.

Como pasa con todas as disciplinas artísticas, o estudo da Análise Musical mellora as capacidades do alumnado que a cursa, potenciando a súa creatividade e a súa capacidade de tomar decisións de maneira global despois dun proceso analítico, desenvolvendo áreas de pensamento diferentes ás puramente racionais, e mellorando a expresión e a comunicación a todos os niveis. Análise Musical, en concreto, contribúe a desenvolver destrezas e capacidades esenciais para a comprensión e o goce da música e da arte en xeral: mellora o oído interno, a atención, a concentración, a memoria, a curiosidade e a capacidade de relacionar, e é fonte dun fondo coñecemento da música, xa que supón un contacto directo cos procesos compositivos e creativos dos autores e das autoras.

O alumnado deberá comprender illadamente cada parámetro musical (rítmico, harmónico, melódico, formal, textural, etc.) e, a partir desas análises parciais, ter en conta todos os elementos analizables e relacionalos para entender como debe soar a música e por que, cales son os procedementos que utiliza o/a autor/a e que sensación nos provoca como oíntes, que dirección toma a música en cada momento, que tipo de xogo establece o/a compositor/a coas persoas que escoitan e como debe recrearse a interpretación. Partindo, pois, da dimensión auditiva da análise, débese traballar coa partitura como apoio da audición; é dicir, preténdese afondar na percepción sonora das obras e, se se desexa, observar como se reflicte na partitura, sen que esta sexa un elemento indispensable.

A materia Análise Musical desenvólvese nos dous cursos do bacharelato e o seu ensino debe comezarse tendo en conta o grao de adquisición de competencias que o alumnado logrou ao longo da educación secundaria obrigatoria (ESO) na materia de Música.

A organización da materia presenta un primeiro curso máis xeral, que permite adquirir unha formación mínima para entender as estruturas musicais, utilizando as ferramentas necesarias para a comprender fondamente, cunha estrutura que se articula arredor de tres bloques: "Iniciación aos

elementos analíticos", "A forma musical" e "As formas históricas".

No segundo curso afóndase na análise das formas e o característico de cada estilo, basicamente da tradición da música occidental, incorporándose referencias da música popular, o jazz e outras músicas urbanas, así como da música de culturas non occidentais, pola grande achega que realizaron á música occidental, sobre todo a partir do século XX. Así, a súa estrutura xira arredor de once bloques: "Común", "A música medieval", "O Renacemento", "O Barroco", "O Estilo Galante e o Clasicismo", "O Romanticismo", "O Posromanticismo e os nacionalismos", "O Impresionismo", "A música do século XX", "O jazz, a música urbana (pop e rock) e o flamenco" e "As músicas non occidentais".

## **b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e estándares de aprendizaxe avaliáveis.**

Aparecen reflectidos no ANEXO VII.

## **c) Concreción dos obxectivos para o curso.**

Conseguir que o alumnado adquira os contidos propios do curso de xeito que acaden interese pola materia e, na medida do posible, amplíe o seu coñecemento e lle sexa útil na súa formación.

## **d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO VII).**

No **Anexo VII** se recolle que leccións cos seus correspondentes estándares de aprendizaxe se desenvolven en cada avaliación.

O grao mínimo de consecución para superar a materia é a metade do peso de cada estándar de aprendizaxe en cada bloque.

O procedemento de avaliación é un sistema de exames e os instrumentos de avaliación son os mesmos exames realizados como se indica no apartado adicado aos criterios sobre a avaliación.

## **e) Concrecións metodolóxicas da materia**

A metodoloxía que se utiliza na aula é a explicación da materia polo profesor, a elaboración de exercicios relativos aos contidos e a escoita a través do canal youtube de exemplos das audicións que son obxecto de explicación.

## **f) Materiais e recursos didácticos**

Os apuntes do profesor e o canal youtube que se proxecta na pantalla da aula.

## g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Se valorará o coñecemento adquirido e demostrado a través dos exames escritos.

- Cada examen (tanto os parciais como os globais, de avaliación ou finais, da convocatoria ordinaria ou da extraordinaria) constará de dez preguntas e se calificará de 0 a 10 puntos (con decimais se fora o caso). Se dará un punto a cada resposta correcta na súa totalidade. Enténdese que está todo correcto cando a resposta inclúe todo o apartado correspondente das explicacións do profesor.
- Para aprobar o exame hai que obter cinco puntos como mínimo.
- Cada examen terá unha recuperación e a nota desta substituirá á do examen previo salvo que a nota da recuperación sexa inferior.
- A nota media de cada avaliación é a media aritmética da nota dos exames realizados nesa avaliación escollendo para cada lección a nota máis alta (exame ou recuperación).
- **NOTA FINAL:** a nota da avaliación final será a media aritmética das notas das tres avaliacións tendo que ser igual ou superior a 5 puntos para superar a materia.

Exame Final Global (ordinario e extraordinario). Só para alumnado que non superou alguna das avaliacións ou ninguna.

### **Xuño.** Exame da convocatoria ordinaria

No mes de xuño haberá un examen global só para o alumnado suspenso e abranguerá unicamente as leccións non superadas por cada alumno/a. Constará de dez preguntas.

A nota final será a que se obteña neste exame, e se ésta fora inferior á media aritmética das tres avaliacións anteriores prevalecerá esta última.

### **Setembro.** Exame da convocatoria extraordinaria

No mes de setembro haberá un examen global para o alumnado suspenso e abranguerá unicamente as leccións non superadas por cada alumno/a. Constará de dez preguntas.

A nota da convocatoria de setembro será a que se obteña neste exame.

## h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Veñen dados pola porcentaxe de aprobados tendo en conta as convocatorias de xuño e setembro

Inferior ao 50 %	Mellorable
51-60 %	Aceptable
61-80 %	Ben
81-90%	Notable.

## i) Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentas

A recuperación e avaliación da materia de Análise Musical I pendente para o alumnado de 2º curso de bacharelato se leva a cabo polo Xefe/a do Departamento que convoca ao alumnado con antelación e lles explica o calendario e o sistema de recuperación.

## **j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Ao ser a Música no curso 4º da ESO una asignatura non obrigatoria somos conscientes que hai diversidade de coñecementos no alumnado respecto á materia. Igualmente hai alumnado de conservatorio que ten coñecementos avanzados. Por todo o anterior comezamos a materia cunha introducción reflectida nos contidos que serve de base ao análise musical.

## **k) Medidas de atención á diversidade**

O Departamento de Orientación do centro informa ao inicio do curso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou alumnado con necesidades educativas especiais.

Se hai algún alumnado destas características se aplican os protocolos establecidos ao efecto e facilitados igualmente polo Departamento de Orientación.

En Análise Musical I os exames do alumnado con diagnose de TDAH ou TDA constarán de sete preguntas (3 menos que no resto dos casos) e terán dúas horas para facer o exame.

## **l) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso**

Sempre se traballa a educación para a cidadanía responsable pois ao ser a Música una arte esto implica fomentar o repeto ás manifestacións artísticas.

## **m) Actividades complementarias e extraescolares.**

Tódolos anos o centro asiste co alumnado aos ensaios da OSGA no pazo da ópera de A Coruña. A solicitude faise nos primeiros días de outubro e asistimos varias veces de xeito que todos os grupos poidan ir aos concertos e estar en contacto coa música en directo. Asemade valoramos outras ofertas de actividades extraescolares que se nos fan ao longo do curso.

## **n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.**

Nos primeiros días de setembro á vista dos resultados do curso que acaba faise una revisión

para adaptar a programación ás necesidades do alumnado.



# PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE *ANÁLISE MUSICAL II* EN 2º BACHARELATO

## a) **Introdución e contextualización**

Análise Musical permite entender a música en toda a súa dimensión e poder gozar dela en profundidade. Entre as súas finalidades está comprender por que unha obra musical foi composta dun determinado xeito e non doutro, que motivou a quen a compuxo para a levar a cabo e que forma lle deu, tendo en conta as características estilísticas e históricas que a fixeron ser como é.

Os elementos de Análise Musical forman parte da educación musical do alumnado desde os seus inicios, pois a través da escoita e o recoñecemento de pequenos fragmentos se aprende a comprender as estruturas básicas das obras musicais. Desde este punto de vista, no bacharelato corresponde afondar nas características das obras a partir do coñecemento dos elementos e dos procedementos básicos da música, abordando a comprensión da música e da obra en si: coñecer e recoñecer a organización da linguaxe utilizada (elementos e procedementos) e as características sonoras que nos permiten encadrar esa obra nun contexto histórico (harmonía, melodía, ritmo, timbres, cadencias, forma, etc.).

A análise formal debe ser o primeiro achegamento á Análise Musical. A través dela preténdese afondar nas diferentes estruturas que os/as compositores/as utilizaron ao longo da historia e que, en moitos casos, deron orixe ás denominadas formas-tipo ou formas históricas. Un dos aspectos analíticos máis importantes é, precisamente, a comprensión dos elementos que constitúen a forma musical, a súa evolución e o xeito en que foron buscadas ao longo da historia, tratando de que a estrutura das obras favoreza a comunicación co público.

A materia Análise Musical desenvólvese nos dous cursos do bacharelato e o seu ensino debe comezarse tendo en conta o grao de adquisición de competencias que o alumnado logrou ao longo da educación secundaria obrigatoria (ESO) na materia de Música.

No segundo curso afóndase na análise das formas e o característico de cada estilo, basicamente da tradición da música occidental, incorporándose referencias da música popular, o jazz e outras músicas urbanas, así como da música de culturas non occidentais, pola grande achega que realizaron á música occidental, sobre todo a partir do século XX. Así, a súa estrutura xira arredor de once bloques: "Común", "A música medieval", "O Renacemento", "O Barroco", "O Estilo Galante e o Clasicismo", "O Romanticismo", "O Posromanticismo e os nacionalismos", "O Impresionismo", "A música do século XX", "O jazz, a música urbana (pop e rock) e o flamenco" e "As músicas non occidentais".

## b) **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e estándares de aprendizaxe avaliáveis**

Para a concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais, ver **ANEXO VIII**.

## c) **Obxectivos para o curso.**

- Valorar obras clave na historia da música pola súa aportación ao desenvolvemento da

música occidental.

- Mellorar a escoita interna.
- Comprender illadamente cada parámetro musical e ser que de falar de unha obra a partir dos diferentes elementos que a constitúen.
- Afondar na percepción sonora das obras analizando o emprego que se fan dos elementos da música nas diferentes etapas históricas.
- Ser quen de falar de música e non so dende un punto de vista estético.
- Aportar unha visión crítica de diferentes versións da mesma obra.
- Desenvolver áreas de pensamento diferentes ás puramente racionais.
- Mellorar a expresión e a comunicación a todos os niveis.

#### **d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO VIII).**

##### **d.1) Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Cada trimestre serán realizadas, como mínimo, dúas probas escritas e será preciso ter superadas as dúas para aprobar a avaliación; non se fará media con menos de unha nota de 3. Os exames constarán dunha parte teórica e outra parte práctica contando cada unha delas un 50%.

Na parte de análise será valorado ademais dunha linguaxe axeitada, certa orde e claridade á hora de presentar os distintos aspectos tratados: formais, harmónicos ou melódicos. Unha introducción histórica e certa unidade nos comentarios, serán fundamentais para obter unha boa calificación.

A nota media de cada avaliación é a media aritmética da nota dos exames realizados nesa avaliación escollendo para cada bloque a nota máis alta (exame ou recuperación).

Faranse exames de recuperación ao longo do curso e no mes maio, faremos unha *repesca* na que cada alumno poderá recuperar os bloques non superados ao longo do curso. No caso de non superar esta *repesca* faremos un exame de recuperación de toda materia antes do remate das clases en maio e outro na convocatoria de setembro.

##### **e) Concrecións metodolóxicas da materia**

En cada bloque o profesor expoñerá un tema, entregará unhas partituras axeitadas ao nivel dos seus alumnos e recurrirá a youtube e CDs para escoitar as obras a traballar. En cada bloque analizaremos un mínimo de 4 partituras dende un punto de vista formal, harmónico, melódico e rítmico.

En determinadas obras de certa duración, traballaremos en pequenos grupos, encargándose cada un deles dun aspecto na partitura; este será plasmado por escrito para explicalo e para entregar aos seus compañeiros.

## **f) Materiais e recursos didácticos**

Traballaremos co libro *Forma y diseño* de Roy Bennet da Editorial Akal para explicar e repasar conceptos básicos como: forma binaria, ternaria, rondó, etc e análises dirixidos con preguntas sinxelas.

No resto dos apartados o profesor aportará partituras para traballar e noutros casos serán os alumnos os que elaborarán os temas e realizarán os análises dirixidos polo profesor.

De cara a facilitar conceptos da linguaxe musical e para familiarizarse con eles, traballaremos e repasaremos elementos coma: tonalidades, acordes, inversións, cadencias, etc en páxinas web coma: [www.teoria.com](http://www.teoria.com) e outras páxinas de blogs de profesores especialistas en linguaxe musical.

## **g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

Os criterios de avaliación para cada unidade están expostos no **ANEXO VIII**.

## **h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

Nesta asignatura de 2 bacharelato, supoñemos un determinado nivel por parte dos alumnos pois non podería ser escollida por ninguén que non tivera cursado previamente Análise 1.

De todos xeitos un vez feitas as dúas primeiras probas referidas a aspectos analíticos e a formas históricas sacaranse conclusión en base aos resultados obtidos polo alumnado.

Se máis dun 50 % do alumnado desta materia non superara estas probas, deberanse replantexar os contidos e a metodoloxía empregada. Nos exames poñeremos obras dunha dificultade igual ou inferior ás traballadas na clase polo que deberían de conseguir superar os exames de cada bloque máis dun 50% do alumnado.

## **i) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios para cursar a materia, de contidos progresivos, e deseño da avaliación inicial**

Unha asignatura tan técnica como é esta, e importante determinar o nivel dende o que partimos. Se se dera o caso de que un alumno non domina mínimamente aspectos básicos de linguaxe musical, é moi probable que non consiga engancharse ao resto do grupo.

O procedemento para acreditar un nivel axeitado ou o coñecemento dos contidos progresivos na materia de Análise Musical II, é facer un exame do nivel impartido en 1 de bacharelato. *La teoría musical en la práctica 2*. ABRSM Editorial.

Deberá pasar unha proba na que amose os seus coñecementos sobre: acordes (tipos, inversións), tonalidades, intervalos, escalas M e m (tipos), Instrumentos, voces, dinámicas, tempo, tipos de compases.

A materia *Análise musical I* figuraralle ao/á alumno/a como pendente ata a superación de dita proba.

## **j) Medidas de atención á diversidade**

Trataremos de reforzar a alumnado con máis dificultades en aspectos claves coma harmonía ou noutros aspectos da linguaxe musical. Os últimos 5 / 10 minutos de cada clase serán de reforzo para alumnado con calquera tipo de dificultade de aprendizaxe e por outro lado para ampliar coñecementos e estimular a alumnado que fai estudos de conservatorio.

## **k) Actividades complementarias e extraescolares.**

A asistencia a concertos, ensaios da OSG será unha actividade obrigatoria para poñer en practica os coñecementos adquiridos nesta materia.

## **l) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.**

Nesta asignatura de 2 bacharelato, supoñemos un determinado nivel por parte dos alumnos pois non podería ser escollida por ninguén que non tivera cursado previamente Análise 1.

De todos xeitos un vez feitas as dúas primeiras probas referidas a aspectos analíticos e a formas históricas sacaranse conclusión en base aos resultados obtidos polo alumnado.

Se máis dun 50 % do alumnado desta materia non superara estas probas, deberanse replantexar os contidos e a metodoloxía empregada. Nos exames poñeremos obras dunha dificultade igual ou inferior ás traballadas na clase polo que deberían de conseguir superar os exames de cada bloque máis dun 50% do alumnado.

# PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE *HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA* EN 2º BACHARELATO

## a) **Introdución e contextualización**

A música e a danza son manifestacións artísticas que van ligadas ao devir histórico e cultural da humanidade. O estudo da súa historia pretende proporcionarlle ao alumnado unha visión global do lugar que ocupan ambas as disciplinas na historia da arte e dotalo de fundamentos de comprensión, análise e valoración das creacións, de criterios para establecer xuízos estéticos propios sobre elas, así como facilitarlle a adquisición de horizontes culturais máis ambiciosos.

Resulta evidente que o mundo está repleto de música e danza de diversos tipos: tradicional, folk, clásica ou jazz, por citar só uns poucos. Pero as modernas comunicacións e a tecnoloxía da reprodución sonora e visual fixeron do pluralismo musical parte da vida cotiá. Con todo, os modos nos que pensamos en música non reflicten esta situación: historicamente cada tipo de música ou danza chega co seu propio modo de pensar e inflúe na sociedade como se fose o único modo de pensar na música e na danza. Esta materia pretende abranguer a música e a danza ao seu paso pola historia e a súa vinculación coa sociedade e as artes en cada período, dándolle un carácter integrador que fai posible aproximarse á evolución das devanditas creacións.

Ademais, o estudo desta materia permite abrir horizontes novos, procurar novas metas culturais e ampliar a perspectiva desde a que observar a música e a danza, non tanto a través dun estudo minucioso de autores e autoras, ou do catálogo das súas obras, senón máis ben a través da comprensión e a valoración das grandes achegas individuais ou colectivas, das súas características e o seu devir no tempo.

Deben ser obxecto de estudo as características máis salientables que configuran un estilo, unha época, os autores e as autoras máis salientables, cuxas obras impulsaron a evolución e o cambio cara a novas concepcións estéticas da música e da danza. A interpretación deberá ser entendida como a tradución práctica do código correspondente ou proveniente da tradición.

Os coñecementos adquiridos en cursos anteriores e no estudo desta materia permitirán ao alumnado comprender a evolución da música e da danza, establecer asociacións con outras manifestacións artísticas das sociedades en que se produciron, situar temporalmente as obras e, finalmente, construír argumentacións fundadas na súa análise e na súa valoración. A materia de Historia da Música e da Danza contribúe a que o alumnado se familiarice coa lectura de documentos e fontes que lle faciliten o acceso á comprensión de todos os aspectos técnicos relativos á música e á danza.

O coñecemento destes aspectos e a adquisición de competencias desenvolverán no alumnado a cultura estética, e a integración de todos eles proporcionará habilidades e estratexias de método que lle permitirán acceder e procesar datos para reflexionar de xeito autónomo sobre eles con posterioridade, conseguindo como resultado final que o alumnado poida situar, comprender, asimilar e comentar calquera obra que se someta á súa consideración. Logo de cursada esta materia, os alumnos e as alumnas adquirirán unha formación máis ampla, unha visión máis global do lugar que ocupan a música e a danza na historia da arte, e desenvolverán criterios para establecer xuízos estéticos propios.

A materia estrutúrase en nove bloques: "Percepción, análise e documentación", "A música e a danza da Antigüidade á Idade Media", "O Renacemento", "O Barroco", "O Clasicismo", "O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo", "Primeiras tendencias modernas", "Música e danza na segunda metade do século XX" e "A música tradicional no mundo".

## **b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e estándares de aprendizaxe avaliábeis.**

Aparecen reflectidas ao lado dos estándares de aprendizaxe no ANEXO IX.

## **c) Concreción dos obxectivos para o curso.**

Conseguir que o alumnado adquira os contidos propios do curso de xeito que acade interese pola materia e, na medida do posible, amplíe o seu coñecemento e lle sea útil na súa formación.

## **d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (Ver ANEXO IX).**

No Anexo IX se recolle que leccións cos seus correspondentes estándares de aprendizaxe se desenvolven en cada avaliación.

O grao mínimo de consecución para superar a materia é a metade do peso de cada estándar de aprendizaxe en cada bloque.

O procedemento de avaliación é un sistema de exames e os instrumentos de avaliación son os mesmos exames realizados como se indica no apartado adicado aos criterios sobre a avaliación.

## **e) Concrecións metodolóxicas da materia**

A metodoloxía que se utiliza na aula é a explicación da materia polo profesor, a elaboración de exercicios relativos aos contidos e a escoita a través do canal youtube de exemplos das audicións que son obxecto de explicación.

## **f) Materiais e recursos didácticos**

Os apuntes do profesor e o canal youtube que se proxecta na pantalla da aula.

## **g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

Se valorará o coñecemento adquirido e demostrado a través dos exames escritos.

- Cada exame (tanto os parciais como os globais, de avaliación ou finais, da convocatoria ordinaria ou da extraordinaria) constará de dez preguntas e se calificará de 0 a 10 puntos (con decimais se fora o caso). Se dará un punto a cada resposta correcta na súa totalidade. Enténdese que está todo correcto cando a resposta inclúe todo o apartado correspondente do libro de texto e as explicacións do profesor.

- Para aprobar o exame hai que obter cinco puntos como mínimo.
- Na primeira avaliación haberá tres exames. Dous obrigatorios e un voluntario. O primeiro exame obrigatorio comprende as leccións 1 e 2. O segundo exame obrigatorio comprende as leccións 3 e 4. O exame voluntario será un examen global das leccións 1 a 4 no que o alumnado suspenso poderá recuperar e o alumnado aprobado poderá subir nota. Este examen global terá dez preguntas relativas ás leccións suspensas de cada alumno/a ou relativas ás leccións 1 a 4 no caso do alumnado que desexe subir nota.
- O primeiro exame obrigatorio vale un 50% da nota da primeira avaliación.
- O segundo exame obrigatorio vale un 50% da nota da primeira avaliación.
- No caso de alumnado con alguna lección suspenso que decide presentarse ao examen voluntario global, os dous exames obrigatorios valen un 40% cada un e o exame voluntario global vale un 20% da nota da primeira avaliación.
- No caso do alumnado que aproba os dous exames obrigatorios e desexa subir nota, o exame voluntario global vale o 100% da nota da primeira avaliación.
- Na segunda avaliación haberá tres exames. Dous obrigatorios e un voluntario. O primeiro exame obrigatorio comprende a lección 5. O segundo exame obrigatorio comprende as leccións 6 a 8. O exame voluntario será un examen global das leccións 5 a 8 no que o alumnado suspenso poderá recuperar e o alumnado aprobado poderá subir nota. Este examen global terá dez preguntas relativas ás leccións suspensas de cada alumno/a ou relativas ás leccións 5 a 8 no caso do alumnado que desexe subir nota.
- O primeiro exame obrigatorio vale un 50% da nota da segunda avaliación.
- O segundo exame obrigatorio vale un 50% da nota da segunda avaliación.
- No caso de alumnado con alguna lección suspenso que decide presentarse ao examen voluntario global, os dous exames obrigatorios valen un 40% cada un e o exame voluntario global vale un 20% da nota da segunda avaliación.
- No caso do alumnado que aproba os dous exames obrigatorios e desexa subir nota, o exame voluntario global vale o 100% da nota da segunda avaliación.
- Na terceira avaliación haberá tres exames. Dous obrigatorios e un voluntario. O primeiro exame obrigatorio comprende as leccións 11 a 14. O segundo exame obrigatorio comprende as leccións 16 a 18. O exame voluntario será un examen global das leccións 11 a 18 no que o alumnado suspenso poderá recuperar e o alumnado aprobado poderá subir nota. Este examen global terá dez preguntas relativas ás leccións suspensas de cada alumno/a ou relativas ás leccións 11 a 18 no caso do alumnado que desexe subir nota.
- O primeiro exame obrigatorio vale un 50% da nota da terceira avaliación.
- O segundo exame obrigatorio vale un 50% da nota da terceira avaliación.
- No caso de alumnado con alguna lección suspenso que decide presentarse ao examen voluntario global, os dous exames obrigatorios valen un 40% cada un e o exame voluntario global vale un 20% da nota da terceira avaliación.
- No caso do alumnado que aproba os dous exames obrigatorios e desexa subir nota, o exame voluntario global vale o 100% da nota da terceira avaliación.
- A nota media de cada avaliación é a media aritmética da nota dos exames realizados nesa avaliación coas porcentaxes reflectidas anteriormente ou o resultado do exame voluntario global no caso do alumnado que vai a subir nota.

- **NOTA FINAL:** a nota da avaliación final será a media aritmética das notas das tres avaliacións tendo que ser igual ou superior a 5 puntos para superar a materia.

Exame Final Global (ordinario e extraordinario). Só para alumnado que non superou alguna das avaliacións ou ninguna.

**Maio.** Exame da convocatoria ordinaria

No mes de maio, na semana convocada polo centro para exames finais haberá un examen global só para o alumnado suspenso e abranguerá unicamente as leccións non superadas por cada alumno/a. Constará de dez preguntas.

A nota final será a que se obteña neste exame, e se ésta fora inferior á media aritmética das tres avaliacións anteriores prevalecerá esta última.

**Setembro.** Exame da convocatoria extraordinaria

No mes de setembro haberá un examen global para o alumnado suspenso e abranguerá unicamente as leccións non superadas por cada alumno/a. Constará de dez preguntas.

A nota da convocatoria de setembro será a que se obteña neste exame.

## **h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

Veñen dados pola porcentaxe de aprobados tendo en conta as convocatorias de maio e setembro

Inferior ao 50 %	Mellorable
51-60 %	Aceptable
61-80 %	Ben
81-90%	Notable.

## **i) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais o colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Non se requiren coñecementos previos na materia de Historia da música e da Danza.

## **j) Medidas de atención á diversidade**

O Departamento de Orientación do centro informa ao inicio do curso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou alumnado con necesidades educativas especiais.

Se hai algún alumnado destas características se aplican os protocolos establecidos ao efecto e facilitados igualmente polo Departamento de Orientación.

En Historia da Música e da Danza os exames do alumnado con diagnose de TDAH ou TDA constarán de sete preguntas (3 menos que no resto dos casos) e terán dúas horas para facer o exame.



## **k) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso**

Sempre se traballa a educación para a cidadanía responsable pois ao ser a Música una arte esto implica fomentar o repeto ás manifestacións artísticas.

## **l) Actividades complementarias e extraescolares.**

Tódolos anos o centro asiste co alumnado aos ensaios da OSGA no pazo da ópera de A Coruña. A solicitude faise nos primeiros días de outubro e asistimos varias veces de xeito que todos os grupos poidan ir aos concertos e estar en contacto coa música en directo. Asemade valoramos outras ofertas de actividades extraescolares que se nos fan ao longo do curso.

## **m) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didáctica.**

Nos primeiros días de setembro á vista dos resultados do curso que acaba faise una revisión para adaptar a programación ás necesidades do alumnado.